

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-20

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

IES 12 DE OUTUBRO OURENSE

Índice

Introdución, contextualización e profesorado.....	2
Obxectivos para a ESO e metodoloxía	4
Atención á diversidade	6
Avaliación e criterios de avaliación	10
1º da ESO.....	12
2º da ESO	101
3º da ESO	368
4º da ESO	468
Contidos transversais	675
Recuperación de alumnos pendentes de aprobar	675
Revisión da Programación	675
Libros de texto e de lectura	677
Actividades extraescolares e complementarias	678

Programación Lingua galega 2019-20

Este curso académico contamos con dous profesores novos para a materia de lingua galega: don Xulio Pérez Pereiras, profesor definitivo, e don Santiago Raposo Mera, quen comparte con 4 horas de inglés. A novidade neste curso académico é que o noso Departamento non ten horas de PMAR este ano dado que non houbo alumnado suficiente para constituír grupo. O ano pasado (2018-2019) impartiu o noso departamento 3º de PMAR (non houbo 2º de PMAR). Este curso debería ser o departamento de lingua castelá quen impartise o novo 2º pero non houbo alumnado.

Introdución e contextualización

O IES 12 de outubro está situado no Barrio da Ponte. Predomina nel a clase medio-baixa cunha importante redución de alumnado inmigrantes desde os últimos anos. Non obstante, dado que contamos con alumnado deste tipo, o profesor adaptará a programación para facela flexible e próxima a este tipo de alumno.

As familias reproducen contextos diglósicos, habendo un uso maior da nosa lingua en contextos familiares case de maneira exclusiva polo que se fai evidente potenciar a oralidade do galego culto e os prexuízos lingüísticos.

O nivel económico do noso alumnado fai imprescindible unha boa dotación de libros na biblioteca, principalmente de lectura obrigatoria, así como as actividades extraescolares nas que predomina o criterio da gratuidade para o alumnado.

Neste novo curso escolar, o alumnado de 1º da ESO procede maioritariamente do Colexio A Ponte dado que houbo un cambio na adscrición dos noso centro a este colexio de Pimaria.

Un 15% de alumnado utiliza transporte escolar dado que procede de zonas semirrurais

O profesorado que este pertence ao Departamento de Lingua e Literatura galegas componse de 4 persoas: Mª Jesús Méndez Álvarez xefa de Departamento, cos cursos, 1º e 2º de Portugués, 3º da ESO e 2º de BAC, Begoña González Cuñarro, xefa do Departamento de Dinamización Lingüística, cos cursos 3º de PMAR, 1º e 2º de BAC; Isabel Álvarez que imparte 1º, 2º e 4º da ESO, e Raquel López, do Departamento de Inglés que unicamente imparte a materia de lingua galega no agrupamento de 2º da ESO

Este ano escolar o Departamento de lingua e literatura galega ten como materias 1º e 2º da ESO de lingua portuguesa, todos os cursos da ESO (este ano 3º de PMAR) e os dous bacharelatos

Na materia de Lingua galega e literatura empregaremos como material de apoio para o alumnado os libros de Lingua da editorial Anaya en 2º, 3º e 4º da ESO. Non se empregará libro de texto para o alumnado nos bacharelatos. Neste curso académico non se empregará libro de texto en 1º e 2º da ESO dado que o noso IES entrou no programa Edixgal no que se empregará o libro dixitalizado.

Será obxecto desta programación didáctica a competencia na propia lingua e a interrelación con outras linguas propias do currículo e que se imparten neste centro como a lingua castelá, a portuguesa ou a

francesa coa finalidade de que axude a desenvolver destrezas e capacidades básicas para a comunicación lingüística e intercultural.

Asemade esta programación incorpora as competencias clave para una aprendizaxe permanente establecidas polo Parlamento europeo e definidas pola unión europea como aquelas que todas as persoas precisan paraa súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”, buscando a interdisciplinariedade e o dinamismo na súa adquisición.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Incluirá tamén contidos transversais entre os que destacarán a seguridade viaria, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual

Contextualización e colaboración cos distintos Proxectos que se desenvolven no Centro (*Proxecto Lingüístico, Proxecto Lector e Programa “Hora de ler”, Club de lectura, Dinamización da Convivencia e Plan de Acollida, Plan das TIC*)

O IES sitúase nun barrio urbano da zona de Ourense e entre o alumnado inmigrante destacamos alumnos de orixe brasileira e alumnos latinoamericanos.

A programación colabora con distintos proxectos elaborados no Instituto e que comezaron a funcionar no curso 2007 / 08 tales como o *Proxecto Lingüístico, Proxecto Lector* (fomento da lectura en lingua portuguesa e lectura en xeral a través do Programa “Hora de ler” que se vai levar a cabo no IES ao longo do curso), *Club de lectura, Dinamización da Convivencia e Plan de Acollida* no sentido en que se fomenta a integración na aula do alumnado estranxeiro e a consecución de normas de convivencia e respecto básicas. Importante é a súa colaboración con Plan das TIC xa que a materia de lingua portuguesa pretende fomentar a competencia dixital no alumnado.

OBXECTIVOS

Obxectivos para a ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación

física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, especialmente a lusófona.

Metodoloxía

A metodoloxía procurará ser motivadora, interdisciplinar e significativa procurando chegar a contidos funcionais que teñan relación co día a día do noso alumnado.

Farase especial fincapé na oralidade, dado que a maior parte do alumnado ou ben non usa o galego ou ben o utiliza de maneira exclusiva nun contexto diglósico, familiar e ás veces unicamente cos avós, dada a desgaleguización das xeracións máis novas do ámbito familiar.

A metodoloxía favorecerá a capacidade de aprender por si mesmos e, asemade, a aprendizaxe en equipo.

A metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

As situacións de aprendizaxe deseñadas para o desenvolvemento das competencias clave deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques de contido. Á súa vez, estes elementos formarán parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades terán carácter interdisciplinar.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

Terase en conta a diversidade do alumnado e polo tanto a atención á diversidade, pondo especial fincapé nos alumnos que presenten dificultades académicas a través de medidas de detección, reforzo e flexibilización do currículo, da metodoloxía e da avaliación.

Traballaranse en todos os cursos a comprensión lectora (dentro da hora de ler do centro e a través de actividades na Biblioteca do Centro), a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cos poucos rapaces que presentan dificultades de aprendizaxe (problemas de comprensión e desfase curricular por procederem doutros sistemas educativos) procurarase:

- Empregar unha metodoloxía motivadora que recompense a actividade académica
- Adaptarémonos aos seus ritmos de aprendizaxe
- Adaptaremos os contidos até tentar conseguir os mínimos esixibles no Decreto
- Fomentaremos a súa integración no grupo mediante actividades de pequeno e gran grupo

A Programación de aula teremos como marco de referencia o Proxecto de Orientación e o PAD, Proxecto de Atención á Diversidade. Grazas a eles faise a avaliación inicial psicopedagóxica que determina as necesidades do alumno-a. Contamos co apoio do Profesor de Audición e Linguaxe co de Pedagogía Terapéutica e coa información que nos proporcione a Orientadora do Instituto.

Realizada a avaliación das “necesidades” do alumnado e coñecendo ben o alumnado (importancia do cuestionario inicial), na programación de aula procederemos a :

- adaptamos a nosa programación chegando a graos de concreción moi específicos en obxectivos, contidos, e criterios de avaliación principalmente. As actividades tamén estarán adaptadas ao alumnado e graduaranse en niveis de dificultade
- Adecuamos todos estes elementos da programación ao alumnado con NEE con especial atención á metodoloxía e a temporización Isto vai implicar que os alumnos con NEE sigan un programa algo

distinto ao que van seguir os seus compañeiros e que se pode modificar ao longo de todo o curso, polo que a característica básica da **programación** é o feito de ser **aberta e flexible**.

En todos os seguintes casos son importantes: as estratexias na colocación dos alumnos-as e o traballo en equipo. Con isto reforzaremos a evolución positiva do rapaz.

1. presenza de alumnado con conduta disruptiva e con dificultades de aprendizaxe

Neste tipo de condutas, o noso propósito será reconducilas e corrixilas. Elaboramos unhas medidas no ámbito grupal(a) e no individual (b):

a) Ámbito grupal: elaboramos (profesor-grupo de alumnos) na 1ª semana a mediación escolar na aula que consiste en consensuar tratos e responsabilidades entre todos-as (tipificar as normas de comportamento correctas e incorrectas - condutas discriminatorias por razóns de sexo ou raza, vulneración dos dereitos do resto do alumnado, e actitudes molestas para a marcha normal da clase- , a medida correctiva e sancionadora se é o caso; e a elaboración dun vocabulario básico de convivencia onde aparezan e se lles dea significado real a palabras como: *conflicto, agresión, acoso, vandalismo, sexismo, xenofobia, civismo, ou autoestima*. Consideraremos todas as propostas do alumnado para mellorar a convivencia da aula.

b) No ámbito individual tentaremos coñecer os seus gustos, preferencias, afeccións, para entregarlle fichas individuais relacionadas con estes temas. É moi importante adaptar o contido ao seu nivel nun primeiro momento, recompensando e valorando moito o que eles fagan, diante de toda a clase (desta maneira o profesor destaca)

Alén disto no ámbito académico adaptaranse as actividades a eles aínda que o seu progreso sexa lento e non consigan os obxectivos propostos [a maioría dos alumnos-as con este tipo de conduta, busca chamadas de atención ante os compañeiros/-as e o profesor, como non poden destacar no ámbito académico, necesitan reafirmárense dalgunha maneira. A través de actividades sinxelas (e da adaptación dos obxectivos e a metodoloxía) tentaremos que o alumno se sinta útil.

1. presenza de alumnado procedente doutros sistemas educativos

Baseámonos nas directrices oficiais da *Orde do 20 de febreiro de 2004* pola que se establecen as *medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro*, no Plan de Acción Titorial (PAT) e PAD (Plan de Atención á Diversidade) para chegar ao Plan de traballo na aula cunha importante adaptación do currículo. Este consiste en:

-Estreita colaboración co Departamento de lingua galega coa finalidade de fomentar a expresión oral e escrita co departamento de Orientación e co titor.

-Favorecer o apoio e a integración nas actividades cos outros compañeiros

-Fomentar na aula a actitude solidaria , tolerante e de axuda e sensibilización

-atender de maneira individualizada

-Recompensar os pequenos progresos na competencia curricular que demostren.

-Adaptar a competencia curricular (contidos, metodoloxía e actividades) co obxectivo final de que o alumno-a se incorpore ás actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que se encontre matriculado. Así:

_reforzamos actividades de sensibilización e respecto por culturas e sexos diferentes:e esixiremos e reforzaremos a linguaxe non sexista (verbal ou xestual) en todo acto comunicativo

Alumnos pertencentes ao Programa de Mellora escolar (estes alumnos adoitan ter dificultades de aprendizaxe principalmente nas áreas instrumentais –comprensión oral, escrita, cálculo e razonamento-)

Tentaremos

_adecuar obxectivos secuenciándonos de maneira máis lenta no tempo

_adaptar contidos Adaptámoslos ao nivel del para ir, progresivamente incrementando a dificultade de maneira individualizada.por conseguinte adaptamos os criterios de avaliación. En todos estes casos valoraremos o *esforzo*, o *interese*, o *comportamento* como persoa e a adquisición duns coñecementos e

dun vocabulario que lle permita falar en distintos contextos sociais (funcionalidade destes conceptos na vida cotiá)

_adequamos a metodoxía: adaptámonos aos ritmos de traballo , despregamos diferentes linguaxes (principalmente iconográfica e dixital) e variamos os materiais e recursos: obxectos, xogos, libro de texto, material audiovisual, material informático, ...) para motivar.

_adequamos as actividades: están desenvoltas con diferente grao de complexidade para axudarlles aos alumno-as a traballar con diferentes ritmos. Ademais son actividades variadas (principalmente de cooperación e traballo colectivo)

_crearemos na clase “monitorías”, de tal maneira que un alumno-a máis avantaxado lle sirva de axuda, guía, titor ou monitor en actividades que así o precise, será a súa “parella académica”, o seu compañeiro de

MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

Alumnado que se incorpora de novo ao sistema educativo galego

Cando presente graves carencias na lingua galega recibirá unha atención específica coa finalidade de que progresivamente se incorpore aos contidos propios do curso, independentemente de se solicita ou non a exención en lingua galega.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- CD audio do libro do alumno: audición do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial.

- Recursos fotocopiables , con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles. Libro Edixgal co manexo de varios libros dentro desta plataforma, entre eles, Netex e Planeta serán os máis empregados.
- Enlaces web: <http://anayaeducacion.es> e páxinas que se suxiren no libro do alumno.

Avaliación e Instrumentos de avaliación

A avaliación inicial a través dun cuestionario inicial, e das probas de acreditación de nivel para os alumnos que fose preciso. A avaliación inicial de cada unidade realizarase a través de preguntas, lectura e audición dun texto que introduza o tema.

A avaliación continua baséase, principalmente, en fichas de observación nas cales imos levando control do alumnado a revisión do caderno de clase e pequenas probas orais –diarias- escritas a modo de exame contribúen nesta avaliación.

Na avaliación final empregamos a observación, as anotacións, e os controis escritos e os orais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º e 2º da ESO

60%	probas escritas
10%	Lecturas (1 lectura por trimestre)
10%	Lecturas voluntarias (1 por trimestre)
20%	Exposición oral planificada ou espontánea
0.5	Participación nas actividades de Dinamización e traballos voluntarios

3º e 4º da ESO

70%	PROBAS ESCRITAS
------------	------------------------

10%	LECTURAS
20%	Exposición oral planificada e/ou espontánea na aula
0.5	Participación nas actividades de Dinamización e traballos voluntarios

Haberá lecturas voluntarias (3 durante o curso) que sumarán 0,75 máis na nota de final de curso, 0,25 cada unha

BACHARELATO

80%	PROBAS ESCRITAS : a) comentario crítico, análise de textos e funcionamento da lingua b) temario de sociolingüística e literatura
10%	LECTURAS
10%	Exposición oral planificada e/ou espontánea na aula
0.5	Participación nas actividades de Dinamización e traballos voluntarios

Haberá lecturas voluntarias (3 durante o curso) que sumarán 0,75 máis na nota de final de curso, 0,25 cada unha

Nos criterios para avaliar teranse en conta :

- 1) **Faltas de ortografía:** que poderán descontar ata 2 puntos menos (-0,05 por faltas de acentuación, -0,10 por castelanismos, til diacrítico, b/v...) especialmente (aínda que non unicamente) en 2º de BAC seguindo os criterios das probas ABAU
- 2) **Actitude positiva na materia:** o cumprimento das normas do Centro, a responsabilidade co material didáctico, a realización de tarefas diferentes ás académicas, seguindo os estándares da competencia social e cívica, aprender a aprender e conciencia e expresións culturais

Outras puntos de interese:

1. Faranse 2 parciais por avaliación de maneira preferente sempre e cando haxa materia suficiente para repartila en 2 parciais, do contrario farase un único exame
 2. Terá que facer a recuperación aquel alumno que non chegue á metade de puntuación que esixan os exames.
 3. As recuperacións da materia faranse no remate da avaliación (antes ou despois da entrega de notas)
- Na recuperación das probas escritas e na recuperación das probas orais haberá que acadar mínimo a metade da puntuación que requira o exame para poder aprobar.
4. o alumnado non presentado ás probas poderá recuperar sempre e cando presente un xustificante médico

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

1º ESO

UNIDADE 1

Temporalización:

Setembro: Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Entender o concepto de *plurilingüismo* e coñecer algunhas linguas do mundo.
- Ampliar o vocabulario relacionado co cuarto e manexar o dicionario.

- Coñecer a morfoloxía das palabras e como se clasifican segundo a súa estrutura.
- Coñecer e utilizar correctamente o alfabeto galego.
- Recoñecer un texto literario e identificar o xénero ao que pertence.
- Crear unha carta a partir duns modelos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - As linguas do mundo. - Vocabulario relacionado co dormitorio. - Os dicionarios. - Morfoloxía das palabras e clases de palabras segundo a súa estrutura. - O alfabeto. - Os textos literarios. - Os textos segundo o seu ámbito de uso. Os textos persoais. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMCT, CCL, CD, CSC, CAA
	2. Valorar a riqueza das linguas.	2.1. Valora a riqueza das linguas.	CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado co cuarto e entender a importancia de usar o dicionario.	3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.	CCL
	4. Entender a estrutura da palabra e recoñecer as distintas clases.	4.1. Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.	CCL
		4.2. Recoñece as distintas clases de palabras.	
	5. Coñecer o alfabeto.	5.1. Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.	CCL
	6. Distinguir entre textos literarios e non literarios e identificar os xéneros.	6.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios.	CCL, CCEC
6.2. Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence.			
7. Diferenciar textos segundo o seu ámbito de uso.	7.1. Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen.	CCL, CSIEE, CAA	
	7.2. Escribe textos de carácter persoal.		

4. Indicadores de logro

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Valora a riqueza das linguas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF para practicar o vocabulario e usar o dicionario.
4.1. Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF para identificar o lexema e os morfemas na palabras e formar familias léxicas. - Actividades complementarias na PD.
4.2. Recoñece as distintas clases de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF para clasificar palabras segundo a súa estrutura morfolóxica. - Actividades complementarias na PD sobre palabras simples e derivadas.
5.1. Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF para practicar o alfabeto.
6.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo e de ampliación nos RF distinguir entre textos literarios e non literarios.
6.2. Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de identificar o xénero dun texto.
7.1. Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de ampliación nos RF de identificar a finalidade de textos dados.
7.2. Escribe textos de carácter persoal.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Respecta os seres vivos e é consciente da responsabilidade do ser humano no seu coidado.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas postas en común das opinións de cadaquén.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Mostra interese por coñecer as linguas que se falan no mundo e a súa situación.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escribe unha carta.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos e para resolver actividades.

	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora as linguas como manifestación da riqueza e da identidade dos pobos e mostra interese por coñecelas.
	Aprezar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e escribe unha carta de acordo cunhas pautas ou uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS (seguiranse ao longo de todo o curso de 1º da ESO)

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Repaso xeral dos contidos máis importantes estudados en Primaria.
- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións e ir coñecéndose.
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información do libro.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.

Unidade 2

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Beleza e riqueza das rías

Descrición da unidade

A dobre páxina inicial contén, nesta ocasión, un texto sobre as bateas e a importancia da produción de mexillón para a economía galega. Está locutado e sobre el fórmase unha serie de preguntas para traballar de maneira oral e cooperativa.

A continuación, ofrécese un fragmento narrativo —tomado de *Palabras de auga*, de Marcos Calveiro— que achega o alumnado a outras culturas e outras formas de vida. Asemade, serve para introducir o eixe temático da unidade: a familia. O léxico relacionado con ela abórdase no «Vocabulario», onde, ademais, se volve sobre o concepto de *campo semántico* (que aprenderan en cursos previos).

O apartado de «Lingua e sociedade» ofrece unha visión sintética das distintas linguas do Estado español e o seu status legal, a través dunha breve presentación teórica e, sobre todo, por medio de actividades baseadas na reflexión e na investigación.

A «Gramática» céntrase na clasificación dos substantivos e nas regras de formación de plural. A información preséntase de modo sinxelo, con esquemas e táboas que facilitan o seu estudo e abundantes exercicios para practicala.

Nas páxinas dedicadas á «Ortografía», e antes de comezar na seguinte unidade o tema da acentuación gráfica, revísanse os conceptos de *sílaba tónica*, *ditongo* e *hiato*, lémbrese a clasificación das palabras segundo o número de sílabas e segundo a posición da sílaba tónica.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Aprendendo a vivir» (Marcos Calveiro: *Palabras de auga*, Edicións Xerais).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Europa: máis de 200 linguas. VOCABULARIO: En familia. Campo semántico. GRAMÁTICA: O substantivo (1). ORTOGRAFÍA: As sílabas. Ditongos e hiatos.
- **Literatura:** O xénero narrativo (1). OBRADOIRO DE ESCRITURA: Creación literaria: comezamos polo principio.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Linguas de Europa.
- Vocabulario relacionado coa familia.
- Clasificación de palabras en campos semánticos.
- Clasificación dos substantivos e regras de formación do plural.
- Sílaba tónica, ditongo e hiato; clasificación das palabras segundo o seu número de sílabas e a posición da sílaba tónica.
- Elementos dos textos narrativos: narrador e personaxes.
- Redacción do comezo dun texto narrativo.

Temporalización:

Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Entender a diferenza entre lingua oficial e lingua non-oficial.
- Coñecer algunhas das linguas que se falan en Europa.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa familia.
- Comprender que é un campo semántico.
- Recoñecer semántica e formalmente os substantivos e clasificalos.
- Coñecer as normas de formación do plural.
- Clasificar as palabras polo número de sílabas.
- Distinguir sílabas tónicas e átonas e identificar ditongos e hiatos.
- Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: narrador e personaxes.
- Escribir o comezo dunha narración.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - As linguas de Europa. - Vocabulario relacionado coa familia. - O campo semántico. - Clasificación dos substantivos. - Regras de formación do plural. - Clasificación de palabras segundo o seu número de sílabas e segundo a posición da sílaba tónica. - Ditongos e hiatos. - Os elementos da narración: narrador e personaxes. - Creación literaria: o comezo dun texto narrativo. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CCEC, CSC, CAA
	2. Coñecer algunhas das linguas que se falan en Europa.	2.1. Identifica algunhas linguas de Europa e a súa situación.	CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa familia e clasificar palabras en campos semánticos.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa familia.	CCL
		3.2. Comprende que é un campo semántico.	
	4. Clasificar substantivos e aplicar as regras de formación do plural.	4.1. Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.	CCL
		4.2. Forma o plural de substantivos dados.	
	5. Clasificar palabras polo número de sílabas e pola posición da sílaba tónica, e diferenciar entre ditongos e hiatos.	5.1. Clasifica as palabras polo número de sílabas.	CCL
		5.2. Distingue sílabas tónicas e átonas.	
		5.3. Identifica e analiza ditongos e hiatos.	
	6. Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: narrador e personaxes.	6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador e personaxes.	CCL, CCEC

	7. Escribir o comezo dunha narración.	7.1. Escribe o comezo dun texto narrativo seguindo unhas pautas dadas.	CCL, CSIEE, CAA
--	---------------------------------------	--	-----------------------

#

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade. - Actividades do apartado «Comentario da lectura». - Lectura complementaria e actividades sobre ela
2.1. Identifica algunhas linguas de Europa e a súa situación.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa familia.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades complementarias na PD.
3.2. Comprende que é un campo semántico.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF para agrupar palabras en campos semánticos.
4.1. Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de clasificar substantivos.
4.2. Forma o plural de substantivos dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de formar o plural de substantivos dados.
5.1. Clasifica as palabras polo número de sílabas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Ditado na PD.
5.2. Distingue sílabas tónicas e átonas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Ditado na PD. - Actividades de reforzo nos RF de identificar a sílaba tónica e clasificar palabras segundo a posición da sílaba tónica.
5.3. Identifica e analiza ditongos e hiatos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Ditado na PD. - Actividade de reforzo nos RF de escribir palabras con ditongos e con hiatos.
6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador e personaxes.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de analizar os elementos da narración nun texto dado. - Actividade de ampliación nos RF para traballar o xénero narrativo.
7.1. Escribe o comezo dun texto narrativo seguindo unhas pautas dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Escribe o comezo dun texto narrativo.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Mostra interese por coñecer as linguas que se falan Europa e a súa situación.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, testemuño oral de persoas maiores...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet, testemuño oral de persoas maiores...) para resolver as actividades.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora as linguas como manifestación da riqueza e da identidade dos pobos e mostra interese por coñecelas.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Mostra interese por coñecer as culturas doutros pobos.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Sabe escribir o comezo dun relato, de tal maneira que capte o interese do lector.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Rexeita actitudes discriminatorias por razóns de xénero.
	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É consciente da situación precaria dalgunhas persoas e pobos e mostra preocupación.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e escribe o comezo dunha narración de acordo cunhas pautas ou uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de

		actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
--	--	---

Unidade 3

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Pedra e auga

Descrición da unidade

O título da unidade fai referencia ás termas romanas de Lugo, sobre as que trata o texto da dobre páxina inicial. Pódese ler e escoitar, para logo responder oralmente e de forma cooperativa as cuestións que se formulan nos recadros «Escoita ou le e contesta» e «Podes coñecer?».

O texto que se escolleu como lectura está tomado d'*O Nicolasiño*, de Sempé e Goscinny. Trátase dun fragmento divertido, próximo á experiencia do alumnado, con abundante diálogo (o cal lle confire axilidade e fluidez) e que ademais serve para introducir e traballar algúns dos contidos que se estudarán a continuación: o léxico da aula (no «Vocabulario»); o xénero dos nomes (en «Gramática»); as regras de acentuación (en «Ortografía») e outros elementos da narración (espazo e tempo), para completar os que se viran na unidade anterior.

Ademais, volve sobre o asunto das linguas, obxecto de análise no apartado «Lingua e sociedade» ao longo destas tres primeiras unidades. E tamén achega interesantes ideas para elaborar unha noticia, a partir das pautas que se ofrecen no «Obradoiro de escritura».

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Csurcso» (Sempé/Goscinny: *O Nicolasiño*, Ed. Alfaguara-Obradoiro).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Linguas da península Ibérica. A lusofonía. A lusofonía. VOCABULARIO: Na aula. Os sinónimos. GRAMÁTICA: O substantivo (2). ORTOGRAFÍA: Acentuación (1). OBRADOIRO DE ESCRITURA: Traballo con textos: a prensa.
- **Literatura:** O xénero narrativo (2).

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquieran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Linguas de España.
- Vocabulario relacionado coa aula.
- Sinónimos.
- Xénero do substantivo.
- Regras xerais de acentuación.
- Elementos dos textos narrativos: espazo e tempo.
- Análise de textos periodísticos.

Temporalización:

Novembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Identificar as linguas da península Ibérica e a súa situación.
- Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa aula.
- Lembrar e practicar a relación semántica de sinonimia.
- Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados.
- Coñecer e aplicar as regras básicas de acentuación.
- Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: espazo e tempo.
- Coñecer os xornais e analizar unha noticia.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - As linguas de España. - Vocabulario relacionado coa aula. - Os sinónimos. - Xénero dos substantivos. - Regras de formación do feminino. - Regras xerais de acentuación. - Os elementos da narración: espazo e tempo. - Traballo con textos: a prensa. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CSC, CAA
	2. Identificar as linguas da península Ibérica e coñecer a lusofonía.	2.1. Identifica as linguas da península Ibérica e coñece a lusofonía.	CMCT, CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa aula e lembrar os sinónimos.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa aula.	CCL
		3.2. Lembra e practica a relación de sinonimia.	
	4. Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados.	4.1. Indica o xénero dalgúns substantivos.	CCL
		4.2. Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.	
	5. Coñecer e aplicar as regras xerais de acentuación.	5.1. Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.	CCL
	6. Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: espazo e tempo.	6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: espazo e tempo.	CCL, CCEC
7. Coñecer os xornais e analizar unha noticia.	7.1. Identifica as partes dun xornal e analiza unha noticia.	CCL, CAA	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Identifica as linguas da península Ibérica e coñece a lusofonía.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa aula.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Lembra e practica a relación de sinonimia.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de escribir palabras sinónimas.
4.1. Indica o xénero dalgúns substantivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de identificar o xénero de substantivos dados. - Actividade complementaria na PD.
4.2. Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de formar o feminino de substantivos dados.
5.1. Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de acentuar palabras. - Ditado na PD.
6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: espazo e tempo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF para traballar o xénero narrativo.
7.1. Identifica as partes dun xornal e analiza unha noticia.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.	Sabe localizar nun mapa o contorno xeográfico onde se falan determinadas linguas.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Mostra interese por coñecer as linguas que se falan España e a súa situación.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Coñece a prensa escrita e sabe analizar unha noticia.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora as linguas como manifestación da riqueza e da identidade dos pobos e mostra interese por coñecelas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.	Coñece o status legal das linguas que se falan en España.
	Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Respecta os compañeiros e compañeiras, e as normas de convivencia na escola.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos

		vistos na unidade.
--	--	--------------------

Unidade 4

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O país dos ríos... e das pontes

Descrición da unidade

A unidade ábrese nun contorno urbano, cunha foto a dobre páxina da Ponte do Milenio, en Ourense, e un texto sobre os avatares da Ponte Romana. Coma sempre, fórmulanse preguntas sobre o tema, para traballalas na clase de maneira oral e cooperativa.

Ao fío desta dobre páxina de presentación, a lectura elixida está protagonizada por un grupo de rapaces que se divirten comprando os viandantes con zombis. E o léxico que se recolle no «Vocabulario» está relacionado coa rúa. Neste apartado, ademais, trabállanse as palabras polisémicas.

Ao longo deste primeiro trimestre, en «Lingua e sociedade» fíxose unha breve exposición sobre as linguas que avanzou desde o máis xeral (as do mundo) ao máis particular, que é, nesta unidade, o caso particular do galego. Trátase aquí de darlles a coñecer aos alumnos e alumnas algúns datos moi elementais sobre as leis que regulan o uso da lingua e promover a reflexión acerca da súa idoneidade.

A sección de «Gramática», que nas unidades 2 e 3 se centrara no substantivo, estuda agora algunhas características morfolóxicas do adxectivo cualificativo: xénero, número e graos.

A «Ortografía» continúa coa revisión das regras de acentuación; neste caso, ocúpase dos casos especiais: palabras compostas, adverbios rematados en *-mente*, verbos con pronome átono enclítico, palabras que se poden confundir co castelán e acento diacrítico.

En «Literatura» vólvese sobre o xénero narrativo. Unha vez analizados os seus elementos, trabállase a súa estrutura. E no «Obradoiro de escritura» ofrécese unha serie de pautas para introducir puntos de xiro en textos dados e para cambiar o final de contos coñecidos.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «As bicicletas» (Maties Segura: *Xoeliki. As aventuras dun ciberpirata: o grande apagamento*, Ed. Sotelo Blanco).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: lingua propia de Galicia. VOCABULARIO: Na rúa. Palabras polisémicas. GRAMÁTICA: O adxectivo cualificativo. ORTOGRAFÍA: Acentuación (2).
- **Literatura:** O xénero narrativo (3). OBRADOIRO DE ESCRITURA: Creación literaria: cambiemos o conto.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquieran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Lexislación sobre o galego.
- Vocabulario relacionado coa rúa.
- Palabras polisémicas.
- Adxectivo cualificativo.
- Regras especiais de acentuación.

- Estrutura dos textos narrativos.
- Diferenza entre a novela e o relato curto.
- Punto de xiro e desenlace dos contos.

Temporalización:

Novembro: Decembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Coñecer a lexislación sobre o galego.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa rúa.
- Lembrar o concepto de *polisemia* e identificar os distintos significados das palabras polisémicas.
- Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.
- Coñecer e aplicar regras especiais de acentuación.
- Recoñecer a estrutura dun texto narrativo.
- Cambiar historias de acordo cunhas pautas dadas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIA CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - O galego: lingua propia de Galicia. - Vocabulario relacionado coa rúa. - Palabras polisémicas. - O adxectivo cualificativo: xénero, número e graos. - Regras especiais de acentuación. - A estrutura dos textos narrativos. - Creación literaria: recreación de contos. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CSC, CAA
	2. Coñecer a lexislación sobre o galego.	2.1. Coñece a lexislación sobre o galego.	CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa rúa e lembrar as palabras polisémicas.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa rúa.	CCL
		3.2. Analiza os significados de palabras polisémicas.	
	4. Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.	4.1. Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.	CCL
		4.2. Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.	
	5. Coñecer e aplicar regras especiais de acentuación.	5.1. Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación.	CCL
	6. Recoñecer a estrutura dun texto narrativo.	6.1. Identifica a estrutura dun texto narrativo.	CCL, CCEC
7. Cambiar historias de acordo cunhas pautas dadas.	7.1. Introduce un cambio de xiro nun conto dado e cambia o final.	CCL, CCEC, CAA	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none">- Lectura do texto que abre a unidade do LA.- Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA.- Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Coñece a lexislación sobre o galego.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa rúa.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.
3.2. Analiza os significados de palabras polisémicas.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.- Actividade de reforzo nos RF de substituír verbos polisémicos por outros de significado máis preciso.
4.1. Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.- Actividades de reforzo nos RF de utilizar adxectivos e de formar o feminino.
4.2. Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.- Actividades de reforzo nos RF sobre oracións comparativas.
5.1. Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.- Actividade de reforzo nos RF de acentuar palabras.- Ditado na PD.
6.1. Identifica a estrutura dun texto narrativo.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.- Actividades de ampliación nos RF para traballar o xénero narrativo.
7.1. Introduce un cambio de xiro nun conto dado e cambia o final.	<ul style="list-style-type: none">- Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende a situación actual do galego actual a partir da súa evolución histórica.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.	Reflexiona sobre a rendibilidade dalgúns dispositivos electrónicos, e tamén sobre a piratería dixital.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Coñece e valora o status da lingua galega ao longo da súa evolución histórica.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Entende os contos tradicionais como unha forma de manifestación cultural de carácter universal.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.	Mostra interese por coñecer as leis que garanten e regulan o uso do galego.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora e respecta as normas como medios que garanten a convivencia.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e modifica contos de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de

		actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
--	--	---

Unidade 5

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Música de sempre

Descrición da unidade

A música serve de marco para esta unidade, que abre o trimestre cunha dobre páxina sobre os sons máis tradicionais e se pecha cunha breve explicación sobre os instrumentos medievais representados no Pórtico da Gloria.

Como é habitual, o texto de apertura pódese ler e escoitar, para logo responder oralmente e de forma cooperativa as cuestións que se formulan nos recadros «Escoita ou le e contesta» e «Podes coñecer?».

Tamén está locutada a lectura, un fragmento narrativo en clave de danza, tomado de *Tristes armas* (de Marina Mayoral) e protagonizado por unha nena que quere ser bailarina.

Unha vez definido o galego como o idioma propio de Galicia, neste apartado de «Lingua e sociedade» faise unha breve presentación das falas que se utilizan nos diferentes territorios de Galicia: occidental, central e oriental.

O léxico que recolle o «Vocabulario» enlaza coa lectura, pois son verbos relacionados co «corpo en acción». Aproveítase, ademais, un espazo para repasar os termos contrarios.

As páxinas dedicadas á «Gramática» céntranse no artigo e inician o estudo dos adxectivos determinativos (outrora clasificados como determinantes) coa análise dos posesivos e dos demostrativos.

En «Ortografía» achéganse algunhas normas acerca do correcto emprego de *i*, *ll* e *x*, así como abundantes actividades para practicalas.

Ao fío da unidade anterior, onde se propuxera cambiar certos contos clásicos, aquí a sección de «Literatura» explica as características do conto popular, propón unha serie de exercicios para analizalos e mesmo ofrece a posibilidade de escoitar un exemplo sobre o que traballar.

O «Obradoiro de escritura» anima o alumnado a redactar descrições, a partir duns modelos e duns pasos dados.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Mans de bailarina» (Marina Mayoral: *Tristes armas*, Edicións Xerais, col. Fóra de xogo).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: variedade na fala e unidade na escrita. VOCABULARIO: O corpo en acción. Os contrarios. GRAMÁTICA: Adxectivos determinativos (1). ORTOGRAFÍA: Uso de *i*, *ll* e *x*. OBRADOIRO DE ESCRITURA: Traballo con textos: a descripción.
- **Literatura:** O conto.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquieran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Variedade e unidade do idioma galego.
- Verbos que indican accións realizadas co corpo.
- Termos contrarios.

- Artigos, demostrativos e posesivos.
- Uso de *j*, *ll* e *x*.
- Características do conto popular.
- Clases de descrición e características.

Temporalización:

Xaneiro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Coñecer as principais variedades na fala do idioma galego.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado con verbos que indican accións do corpo.
- Traballar con termos contrarios.
- Identificar os artigos e adxectivos determinativos e a súa función.
- Aplicar as normas de uso de *j*, *ll* e *x*.
- Diferenciar entre contos literarios e populares e recoñecer as características destes últimos.
- Redactar textos descritivos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Variedade e unidade do idioma galego. - Verbos relacionados con accións que realiza o corpo. - Os termos contrarios. - Artigos, demostrativos e posesivos. - Uso de <i>i, // e x</i>. - Características do conto popular. - Traballo con textos: a descrición. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CAA	
	2. Coñecer e respectar as variedades na fala do idioma galego.	2.1. Coñece e respecta as variedades que se dan na fala do idioma galego.	CCL, CCEC, CSC	
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas accións do corpo.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coas accións do corpo.	3.2. Lembra e practica a relación entre termos contrarios.	CCL
		4. Identificar os artigos e adxectivos determinativos e a súa función.		
		4.2. Recoñece e utiliza correctamente os demostrativos.		
		4.3. Recoñece e utiliza correctamente os posesivos.		
	5. Coñecer e aplicar as regras de uso de <i>i, // e x</i> .	5.1. Aplica correctamente na práctica as regras de uso de <i>i, // e x</i> .	CCL	
	6. Diferenciar entre contos literarios e populares e recoñecer as características destes últimos.	6.1. Distingue un conto literario dun conto popular e identifica as características destes últimos.	CCL, CD, CCEC	
7. Redactar textos descritivos.	7.1. Sabe redactar unha descrición, a partir duns modelos e duns pasos dados.	CCL, CAA		

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Coñece e respecta as variedades que se dan na fala do idioma galego.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coas accións do corpo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Lembra e practica a relación entre termos contrarios.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de escribir termos contrarios.
4.1. Recoñece e utiliza correctamente os artigos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de identificar artigos e as súas contraccións.
4.2. Recoñece e utiliza correctamente os demostrativos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de identificar demostrativos.
4.3. Recoñece e utiliza correctamente os posesivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de identificar posesivos.
5.1. Aplica correctamente na práctica as regras de uso de <i>j</i> , <i>ll</i> e <i>x</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF. - Ditado na PD.
6.1. Distingue un conto literario dun conto popular e identifica as características destes últimos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF para traballar o conto popular.
7.1. Sabe redactar unha descrición, a partir duns modelos e duns pasos dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.	Entende a importancia do exercicio físico para a saúde e, en xeral, para o desenvolvemento persoal.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende o uso do galego fóra das nosas fronteiras como resultado de certos avatares históricos.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade, o da lectura e mais o

		do apartado de «Literatura».
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Valora a lingua como signo de identidade do pobo, dentro e fóra das fronteiras propias.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza da música, da danza e da literatura popular.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e escribe descrições de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

Unidade 6

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Estrelas costeiras

Descrición da unidade

Un dos tesouros da xeografía galega son os faros, e con eles ábrese esta unidade. Un texto sobre o de Poriño serve de presentación, e na última dobre páxina faise un percorrido polo Camiño dos Faros, desde Malpica ata Fisterra, unha ruta que permite coñecer a recoñecer a nosa paisaxe de costa.

Na busca dun tesouro afánanse Tom Sawyer e o seu amigo Huck Finn, personaxes inesquecibles de Mark Twain que protagonizan a lectura.

No apartado de «Lingua e sociedade» faise unha breve presentación do ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras, e fórmulanse tres actividades co fin de investigar e aprender máis sobre o tema.

O «Vocabulario» recolle, nesta ocasión, palabras relacionadas cos cinco sentidos, e trabállanse ademais as palabras homófonas.

A «Gramática» prosegue co tema dos adxectivos determinativos iniciado na unidade anterior, e trátanse nesta ocasión os indefinidos, os interrogativos e exclamativos e os numerais.

A sección de «Ortografía» revisa o uso de *b* e *v*, que malia seren grafías xa traballadas en Primaria, adoitan ofrecer dificultades para o alumnado.

A literatura popular volve estar presente nesta unidade; se na anterior se estudaban os contos, nesta abórdanse as lendas. En relación con este tema, no «Obradoiro de escritura» analízanse as explicacións fantásticas para determinados feitos e propóñese a creación de textos semellantes.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «En busca dun tesouro enterrado» (Mark Twain: *As aventuras de Tom Sawyer*, Edicións Xerais).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: lingua internacional. VOCABULARIO: Cos cinco sentidos. Palabras homófonas. GRAMÁTICA: Adxectivos determinativos (2). ORTOGRAFÍA: Uso de *b* e *v*.
- **Literatura:** As lendas. OBRADOIRO DE ESCRITURA: Creación literaria: explicacións fantásticas.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras.
- Vocabulario relacionado cos cinco sentidos.
- Palabras homófonas.
- Indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais.
- Uso de *b* e *v*.
- Características das lendas.
- Creación de historias fantásticas.

Temporalización:

Xaneiro: ebreiro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Coñecer o ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado cos cinco sentidos.
- Usar palabras homófonas e diferenciais das polisémicas.
- Coñecer as formas dos adxectivos determinativos: indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais, e aplicalas correctamente nas producións propias.
- Aplicar as normas de uso de *b* e *v*.
- Recoñecer as características das lendas.
- Crear unha historia fantástica a partir dunhas pautas dadas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras. - Vocabulario relacionado cos cinco sentidos. - Palabras homófonas. - Indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais. - Uso de <i>b</i> e <i>v</i>. - As lendas. - Creación literaria: explicacións fantásticas. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CAA
	2. Coñecer o ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras.	2.1. Coñece onde se fala e onde se estuda galego fóra de Galicia.	CCL, CD, CCEC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado cos cinco sentidos e lembrar as palabras homófonas.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos cinco sentidos.	CCL
		3.2. Recoñece e emprega correctamente algunhas palabras homófonas.	
	4. Coñecer as formas dos adxectivos determinativos: indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais, e aplicarlas correctamente nas producións propias.	4.1. Coñece e utiliza correctamente as formas dos indefinidos.	CCL
		4.2. Coñece e utiliza correctamente as formas dos interrogativos e exclamativos.	
		4.3. Coñece e utiliza correctamente as formas dos indefinidos.	
	5. Coñecer e aplicar as regras de uso de <i>b</i> e <i>v</i> .	5.1. Aplica correctamente na práctica as regras de uso de <i>b</i> e <i>v</i> .	CCL
6. Recoñecer as características das lendas.	6.1. Identifica a lenda como un xénero da literatura popular e recoñece as súas características propias.	CCL, CD, CCEC	
7. Crear unha historia fantástica a partir dunhas pautas dadas.	7.1. Escribe unha historia fantástica a partir dun modelo e dunhas pautas dadas.	CCL, CSIEE, CAA	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Coñece onde se fala e onde se estuda galego fóra de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos cinco sentidos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Recoñece e emprega correctamente algunhas palabras homófonas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF para practicar as palabras homófonas.
4.1. Coñece e utiliza correctamente as formas dos indefinidos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de identificar, clasificar e utilizar os indefinidos.
4.2. Coñece e utiliza correctamente as formas dos interrogativos e exclamativos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
4.3. Coñece e utiliza correctamente as formas dos numerais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar os numerais.
5.1. Aplica correctamente na práctica as regras de uso de <i>b</i> e <i>v</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de acentuar palabras. - Ditado na PD.
6.1. Identifica a lenda como un xénero da literatura popular e recoñece as súas características propias.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF para identificar as características das lendas.
7.1. Escribe unha historia fantástica a partir dun modelo e dunhas pautas dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.	Entende a información que achegan un mapa e uns gráficos.
	Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.	Entende e usa correctamente os adxectivos determinativos numerais.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Inventa e escribe historias fantásticas.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.

	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade, o da lectura e mais o do apartado de «Literatura». Navega por Internet para coñecer a presenza da lingua galega na Rede.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Mostra interese por coñecer a contribución de persoas como Mark Twain ao desenvolvemento da cultura. Valora as achegas dos internautas que traballan por normalizar o uso do galego en Internet.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza da paisaxe e da literatura popular.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	Participa activamente nas actividades de grupo e asume a tarefa encomendada.
	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e escribe unha historia fantástica de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos

		vistos na unidade.
--	--	--------------------

Unidade 7

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Versos de noso

Descrición da unidade

Esta unidade ábrese en clave poética, cunha dobre páxina sobre a poeta que atopou o nome das cousas nun país sen voz: Rosalía de Castro. O xénero lírico retomarase no apartado de «Literatura», onde se presentan de maneira sinxela algunhas das súas características máis elementais. E en «Aplica o que sabes» propónse un recital con poemas de Rosalía.

A nosa lingua xa non é só patrimonio cultural de Galicia porque os falantes traspasamos as fronteiras territoriais a través de Internet, como se verá no apartado «Lingua e sociedade».

Ao fío da lectura inicial, protagonizada polo can *Pachín*, o campo semántico seleccionado para traballar no «Vocabulario» refírese aos animais. Abórdanse, ademais, as palabras homónimas.

En «Gramática» comézase co estudo dos pronomes. Dáse unha primeira visión xeral acerca da función e clasificación, para centrarse despois nos pronomes persoais, dos que unicamente se presentan as formas tónicas e as súas contraccións.

A «Ortografía» fai un repaso dalgunhas palabras con *es-* e *ex-*, que ofrecen certa dificultade e ás veces confúndense coas correspondentes en castelán.

En «Literatura» iníciase o estudo do xénero lírico, ao que se lle dedican un total de catro unidades. Nesta primeira, trátanse as características e temas propios do xénero e estúdase a métrica dos versos.

O «Obradoiro de escritura» ocúpase dos textos expositivos. Achega un exemplo de carácter divulgativo e propón a creación doutros, a partir dunha idea e dunhas pautas dadas.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Pachín» (Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, Ed. Galaxia).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: lingua de Internet. VOCABULARIO: Animais de proveito. Palabras homónimas. GRAMÁTICA: Os pronomes (1). ORTOGRAFÍA: Palabras con *es-* e con *ex-*. OBRADOIRO DE ESCRITURA: Traballo con textos: textos expositivos.
- **Literatura:** O xénero lírico (1).

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Presenza do galego en Internet.
- Vocabulario relacionado cos animais.
- Palabras homónimas.
- Formas tónicas do pronome persoal.
- Palabras con *es-* e con *ex-*.
- Xénero lírico.
- Creación de textos expositivos.

Temporalización:

Febreiro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Coñecer a presenza do galego en Internet.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado cos animais.
- Recoñecer palabras homónimas.
- Recoñecer e aplicar correctamente as formas tónicas dos pronomes persoais.
- Aplicar correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*.
- Recoñecer as características específicas do xénero lírico.
- Escribir textos expositivos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Galego: lingua de Internet. - Vocabulario relacionado cos animais. - Palabras homónimas. - Formas tónicas do pronome persoal. - Palabras con <i>es-</i> e con <i>ex-</i>. - Características do xénero lírico. - Traballo con textos: textos expositivos. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMCT, CCL, CD, CSC, CAA
	2. Coñecer a presenza do galego en Internet.	2.1. Infórmase e coñece a presenza da lingua galega en Internet.	CCL, CCEC, CSC, CAA
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado cos animais e recoñecer palabras homónimas.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos animais.	CCL
		3.2. Comprende o que son as palabras homónimas.	
	4. Recoñecer e aplicar correctamente as formas tónicas dos pronomes persoais.	4.1. Identifica e utiliza correctamente as formas tónicas do pronome persoal.	CCL
	5. Aplicar correctamente <i>s</i> ou <i>x</i> nas palabras que comezan por <i>es-</i> e <i>ex-</i> .	5.1. Aplica correctamente <i>s</i> ou <i>x</i> nas palabras que comezan por <i>es-</i> e <i>ex-</i> .	CCL
	6. Recoñecer as características específicas do xénero lírico.	6.1. Analiza as características do xénero lírico.	CCL, CCEC
6.2. Mide os versos dun poema atendendo ás posibles licenzas métricas.			
7. Escribir textos expositivos.	7.1. Crea textos expositivos a partir dunhas pautas dadas.	CCL, CAA	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábles	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Infórmase e coñece a presenza da lingua galega en Internet.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos animais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Comprende o que son as palabras homónimas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de diferenciar palabras homónimas.
4.1. Identifica e utiliza correctamente as formas tónicas do pronome persoal.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de identificar, clasificar e utilizar as formas do pronome persoal tónico.
5.1. Aplica correctamente s ou x nas palabras que comezan por <i>es-</i> e <i>ex-</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de completar palabras con s ou con x. - Ditado na PD.
6.1. Analiza as características do xénero lírico.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF para traballar o xénero lírico.
6.2. Mide os versos dun poema atendendo ás posibles licenzas métricas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF para traballar o xénero lírico.
7.1. Crea textos expositivos a partir dunhas pautas dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Trata con respecto os seres vivos e mostra interese por coñecelos e coidalos.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos. Recita poemas facendo as pausas necesarias e coa entoación adecuada. Fai unha exposición oral diante dos compañeiros e compañeiras.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.

	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade, o da lectura e mais o do apartado «Aplica o que sabes». Utiliza aplicacións informáticas para facer os seus traballos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Mostra interese por coñecer a contribución de autores senlleiros da literatura galega ao desenvolvemento da nosa cultura.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Transmite os sentimentos e emocións a través do recitado de poemas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación dos seus traballos, tanto as exposicións orais ou o recitado de poemas como textos escritos ou creacións plásticas.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese as intervencións dos demais e respecta as súas opinións.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Como falante, mostra unha actitude de compromiso en relación co proceso de normalización da lingua.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos

	previos do tema.	textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Reflexiona sobre a utilidade do galego, sen deixarse influír por opinións que pretenden desprestixiar a lingua.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e elabora un texto expositivo de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

Unidade 8

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Feito á man en Galicia

Descrición da unidade

O título da unidade fai referencia á artesanía de Galicia, á que se lle dedica a dobre páxina de presentación e un amplo espazo ao final, na sección «Aplica o que sabes». A artesanía é outro deses elementos que singularizan a nosa cultura. Trátase dunha técnica de produción tradicional que prevalece nos nosos días e que, en moitas das súas manifestacións, chega a ser toda unha arte.

Como arte é tamén a poesía. Se ben a lectura da unidade é un fragmento narrativo, o xénero lírico volve ter un importante protagonismo: é o asunto que se desenvolve en «Literatura» (en concreto, a rima, a personificación e a hipérbole) e mais no «Obradoiro de escritura», onde se propón a creación dun poema colectivo.

A tarefa de dignificar a lingua non é responsabilidade exclusiva de escritores e intelectuais, do pasado ou de hoxe. Todos os falantes desempeñan un papel fundamental na súa normalización: usándoa, valorándoa e rexeitando calquera tipo de prexuízo. Este é o asunto que se desenvolve en «Lingua e sociedade».

O léxico que se traballa en «Vocabulario» vén suxerido polos personaxes que poboan a lectura, cada un coa súa peculiar forma de ser e de comportarse. Ese é, precisamente, o campo semántico elixido para este apartado, onde tamén se lembra un dos mecanismos de formación de palabras derivadas: o uso de sufixos.

En «Gramática» seguimos co estudo dos pronomes persoais e centrámonos nesta ocasión nas formas átonas, a súa colocación e as súas funcións.

A «Ortografía» continúa coa revisión de certas grafías que poden ofrecer vacilacións en canto ao seu uso; tratamos aquí as palabras con e sen *h*. Aos problemas ortográficos lóxicos no alumnado, súmanse neste caso as interferencias co castelán, que cómpre evitar a través de abundante práctica.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Bágoa de Lúa» (Sabela González: *As crónicas de Landereina. Bágoa de Lúa*, Ed. Galaxia).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: lingua útil. VOCABULARIO: Maneiras de ser. Os sufixos. GRAMÁTICA: Os pronomes (2). ORTOGRAFÍA: Uso do *h*.
- **Literatura:** O xénero lírico (2). OBRADOIRO DE ESCRITURA: Creación literaria: escribimos poesía.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Utilidade do galego, dentro e fóra de Galicia.
- Vocabulario relacionado coas formas de ser.
- Formación de palabras derivadas mediante sufixación.
- Formas átonas do pronome persoal.
- Palabras con *h* e sen *h*.

- Xénero lírico (rima, personificación e hipérbole).
- Creación de textos poéticos.

Temporalización:

Marzo:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Recoñecer a utilidade do galego.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coas maneiras de ser.
- Coñecer e aplicar os sufixos máis habituais.
- Recoñecer e aplicar correctamente as formas átonas dos pronomes persoais.
- Identificar e distinguir palabras con e sen *h*.
- Identificar a rima e algunhas figuras literarias en textos poéticos.
- Crear poemas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Utilidade do galego. - Vocabulario relacionado coas maneiras de ser. - Formación de palabras mediante sufixos. - Formas átonas do pronome persoal. - Palabras con <i>h</i> e sen <i>h</i>. - Poesía: rima, personificacións e hipérboles. - Creación de poemas. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CCEC, CAA
	2. Recoñecer a utilidade do galego.	2.1. Entende a utilidade do galego para comunicarnos entre nós e con xente doutros lugares.	CCL, CCEC, CSC, CAA
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas maneiras de ser e coñecer os sufixos máis habituais.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coas formas de ser.	CCL
		3.2. Coñece e aplica os sufixos máis habituais na formación de palabras derivadas.	
	4. Recoñecer e aplicar correctamente as formas átonas dos pronomes persoais.	4.1. Recoñece e emprega correctamente as formas átonas do pronome persoal.	CCL
		4.2. Recoñece e emprega correctamente as contraccións de pronomes átonos.	
	5. Identificar e distinguir palabras con e sen <i>h</i> .	5.1. Escribe correctamente palabras con e sen <i>h</i> .	CCL
	6. Identificar a rima e algunhas figuras literarias en textos poéticos.	6.1. Identifica a rima dos poemas e distingue entre rima consonante e asonante.	CCL, CCEC
6.2. Recoñece personificacións e hipérboles en textos poéticos.			

	7. Crear poemas.	7.1. Escribe poemas a partir dunhas pautas dadas.	CCL, CCEC, CAA
--	------------------	---	----------------------

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Entende a utilidade do galego para comunicarnos entre nós e con xente doutros lugares.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coas formas de ser.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Coñece e aplica os sufixos máis habituais na formación de palabras derivadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de formar palabras mediante sufixación.
4.1. Recoñece e emprega correctamente as formas átonas do pronome persoal.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar as formas do pronome persoal átono.
4.2. Recoñece e emprega correctamente as contraccións de pronomes átonos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
5.1. Escribe correctamente palabras con e sen <i>h</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar palabras con <i>h</i> ou sen <i>h</i>. - Ditado na PD.
6.1. Identifica a rima dos poemas e distingue entre rima consonante e asonante.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF de analizar poemas.
6.2. Recoñece personificacións e hipérbolos en textos poéticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
7.1. Escribe poemas a partir dunhas pautas dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de ampliación nos RF de crear poemas.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos. Recita poemas facendo as pausas necesarias e coa entoación adecuada. Fai unha exposición oral diante dos compañeiros e compañeiras.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Sabe compoñer poemas, seguindo unhas pautas dadas.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.
Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.		Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora os oficios tradicionais como manifestación da cultura popular. Mostra interese pola mitoloxía e o imaxinario fantástico doutros países. Mostra interese por coñecer a contribución de poetas senlleiros ao desenvolvemento da nosa cultura.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Transmite os sentimentos e emocións a través da creación de poemas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios e das creacións artesanais.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese as intervencións dos demais e respecta as súas opinións.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Como falante, mostra unha actitude de compromiso en relación co proceso de normalización da lingua.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	Participa activamente nas actividades de grupo e asume a tarefa encomendada.
	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.

	<p>Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</p>	<p>Reflexiona acerca da actitude máis axeitada en relación coa lingua, sen deixarse influír por posturas negativas ou pouco fundamentadas.</p>
	<p>Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>Fai un comentario de texto e crea poemas de acordo cunhas pautas dadas.</p>
	<p>Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</p>	<p>Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.</p>

Unidade 9

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Monumento natural

Descrición da unidade

O eixe condutor desta unidade é a natureza. Xa na dobre páxina inicial, os alumnos e alumnas somérxense na paisaxe do souto de Rozabales, onde se atopa a árbore máis vella de Galicia: o castiñeiro de Pumbariños. A continuación, elixiuse unha lectura protagonizada por Pardal e don Gregorio, discípulo e mestre, fascinados ambos polos bichos e os seus costumes. E como non podía ser doutra maneira, o campo semántico que se traballa no «Vocabulario» é, precisamente, o dos seres vivos. Ademais, resérvase un espazo para abordar a prefixación, e así completar os mecanismos de formación de palabras que se iniciaran na unidade previa, cos sufixos.

Na páxina «Lingua e sociedade» faise fincapé na importancia de afastar os prexuízos que existen acerca da lingua e de adoptar unha actitude de valoración e respecto cara a ela, de maneira que poidamos contribuír ao seu enriquecemento e a evitar que desapareza. Ademais, a través das actividades que se propoñen, foméntase o desenvolvemento do pensamento crítico do alumnado.

A sección de «Gramática» comeza o estudo do verbo, tema ao que se lle dedicarán dúas unidades. Lémbrese que son as conxugacións, analízase a estrutura dunha forma verbal e faise unha sinxela clasificación dos verbos en catro grupos.

Na páxina dedicada á «Ortografía», danse algunhas normas básicas para o uso correcto das maiúsculas e apúntanse algúns casos nos que o uso da minúscula é obrigatorio.

A «Literatura» continúa co traballo sobre o xénero lírico; preséntanse algunhas estrofas usuais, clasificadas segundo o número de versos. Os exemplos seleccionados teñen que ver co fío temático que tece a unidade: o contorno natural.

O «Obradoiro de escritura» ocúpase, nesta ocasión, dun tipo de texto non literario: as instrucións. Defínense as súas principais características, ofrécense exemplos e propónse a creación dun breve texto instrutivo a partir dos modelos dados.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Pardal» (Manuel Rivas: *Que me queres, amor?*, Ed. Galaxia).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: sen prexuízos. VOCABULARIO: Seres moi vivos. Os prefixos. GRAMÁTICA: O verbo (1). ORTOGRAFÍA: Uso das maiúsculas. OBRADOIRO DE ESCRITURA: Traballo con textos: textos instrutivos.
- **Literatura:** O xénero lírico (3).

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Prexuízos lingüísticos.
- Vocabulario relacionado cos seres vivos.
- Formación de palabras derivadas mediante prefixación.
- Estrutura morfolóxica do verbo, conxugacións verbais, clasificación dos verbos.
- Uso das maiúsculas.

- Xénero lírico (estrofas; antítese, repetición e anáfora).
- Creación de textos instrutivos.

Temporalización:

Marzo: Abril:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Coñecer o concepto de *prexuízo lingüístico*.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado cos seres vivos.
- Coñecer e aplicar os prefixos máis habituais.
- Recoñecer o verbo, analizar os seus compoñentes morfolóxicos e utilizar correctamente as formas nominais.
- Coñecer e aplicar as regras que rexen o uso das maiúsculas.
- Analizar textos pertencentes ao xénero lírico e identificar certas estrofas.
- Analizar e crear textos instrutivos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Prexuízos lingüísticos. - Vocabulario relacionado cos seres vivos. - Formación de palabras derivadas mediante prefixos. - Verbo: análise morfolóxica, conxugacións e formas nominais. - Uso das maiúsculas. - Análise de textos do xénero lírico e identificación dalgunhas estrofas. - Traballo con textos: textos instrutivos. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMCT, CCL, CD, CAA	
	2. Coñecer o concepto de <i>prexuízo lingüístico</i> .	2.1. Coñece o concepto de prexuízo lingüístico.	CCL, CCEC, CSC, CAA	
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado cos seres vivos e coñecer os prefixos máis habituais.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos seres vivos.	3.2. Coñece e aplica os prefixos máis habituais na formación de palabras derivadas.	CMCT, CCL
		4. Recoñecer o verbo, analizar os seus compoñentes morfolóxicos e utilizar correctamente as formas nominais.		
		4.2. Analiza morfoloxicamente formas verbais dadas.		
	5. Coñecer e aplicar as regras que rexen o uso das maiúsculas.	5.1. Coñece e aplica correctamente as regras que rexen o uso das maiúsculas.	CCL	
	6. Analizar textos pertencentes ao xénero lírico e identificar certas estrofas.	6.1. Analiza textos pertencentes ao xénero lírico e identifica as estrofas.	CCL, CCEC	
7. Analizar e crear textos instrutivos.	7.1. Comprende a intención comunicativa dun texto e as características propias dun texto instrutivo.	CCL, CAA		

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiabes (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Coñece o concepto de <i>prexuízo lingüístico</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Coñece e aplica os prefixos máis habituais na formación de palabras derivadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de formar palabras mediante prefixación.
4.1. Identifica a conxugación á que pertence unha forma verbal e di as súas formas nominais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF sobre as formas nominais dos verbos.
4.2. Analiza morfoloxicamente formas verbais dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de analizar verbos morfoloxicamente.
5.1. Coñece e aplica correctamente as regras que rexen o uso das maiúsculas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar correctamente as maiúsculas. - Ditado na PD.
6.1. Analiza textos pertencentes ao xénero lírico e identifica as estrofas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF de analizar poemas.
7.1. Comprende a intención comunicativa dun texto e as características propias dun texto instrutivo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Respecta e valora o noso patrimonio natural.
	Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Trata con respecto os seres vivos e mostra interese por coñecelos e coidalos.
	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.	Entende a información que achega un atlas.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.	Sabe escribir textos instrutivos e coñece a súa utilidade.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, enciclopedia, Internet...) para resolver as

		actividades.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura. Utiliza aplicacións informáticas para facer os seus traballos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.	Valora a flora e a fauna propias de Galicia como parte do noso patrimonio que nos define como pobo.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios e da paisaxe.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese as intervencións dos demais e respecta as súas opinións.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Como falante, mostra unha actitude de compromiso en relación co proceso de normalización da lingua.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Reflexiona acerca da actitude máis axeitada en relación coa lingua.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no	Fai un comentario de texto e crea textos instrutivos de

	proceso de aprendizaxe.	acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

Unidade 10

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Lingua e tradición

Descrición da unidade

De novo, a natureza serve de marco para a unidade. É primavera, e os Maios cobran protagonismo. De feito, a dobre páxina inicial explica brevemente en que consiste esta festa, que se ilustra cunha vistosa imaxe. As coplas, elemento fundamental da celebración, trabállanse no «Obradoiro de escritura», onde se propón a creación de cantigas, a partir duns modelos dados.

Seguimos de foliada na lectura, un «retrínco» de Castelao protagonizado por Peito de Lobo e o seu cabezudo. E tamén no «Vocabulario», que recolle termos relacionados coas festas. Nesta sección, ademais, resérvase un pequeno espazo para as palabras compostas.

No apartado «Lingua e sociedade» faise unha reflexión acerca das actitudes dos falantes cara ao galego e de como o futuro da lingua depende delas.

A «Gramática» continúa co estudo do verbo e trabállase a asimilación das formas dos verbos regulares, así como a maioría dos que, sendo regulares, ofrecen certas peculiaridades ou variacións.

Na «Ortografía» comeza un repaso dos signos de puntuación que continuará nas dúas unidades seguintes.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Peito de Lobo» (Alfonso Daniel Rodríguez Castelao: *Retrincos*, Ed. Galaxia).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: actitudes positivas. VOCABULARIO: Hoxe... de festa. As palabras compostas. GRAMÁTICA: O verbo (2). ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (1).
- **Literatura:** O xénero lírico (4). OBRADOIRO DE ESCRITURA: Creación literaria: cantigas e cancións.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Actitudes lingüísticas.
- Vocabulario relacionado coa festa.
- Estrutura e formación das palabras compostas.
- Conxugación de verbos regulares con certas peculiaridades ou variacións.
- Uso do punto.
- Lírica popular: cantigas e romances.
- Creación de cantigas.

Temporalización:

Abril:



Maio:



2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Identificar diferentes actitudes lingüísticas
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa festa.
- Formar palabras compostas.
- Saber conxugar verbos regulares e identificar as peculiaridades dalgúns deles.
- Coñecer as regras de uso do punto.
- Recoñecer algunhas manifestacións da lírica popular: cantigas e romances.
- Crear cantigas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Actitudes lingüísticas. - Vocabulario relacionado coa festa. - Formación de palabras compostas. - Conxugación de verbos regulares, con ou sen variacións. - Uso do punto. - Manifestacións da lírica popular: cantigas e romances. - Creación de cantigas. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMCT, CCL, CD, CCEC, CAA
	2. Identificar diferentes actitudes lingüísticas.	2.1. Comenta diferentes actitudes lingüísticas.	CCL, CCEC, CSC, CAA
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa festa e formar palabras compostas.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa festa.	CCL, CCEC
		3.2. Forma palabras compostas.	
	4. Saber conxugar verbos regulares e identificar as peculiaridades dalgúns deles.	4.1. Sabe conxugar os verbos regulares.	CCL
		4.2. Sabe conxugar algúns verbos regulares con variacións ou que poden ofrecer certas dúbidas respecto da súa regularidade.	
	5. Coñecer as regras de uso do punto.	5.1. Coñece e aplica correctamente as regras de uso do punto.	CCL
	6. Recoñecer algunhas manifestacións da lírica popular: cantigas e romances.	6.1. Identifica cantigas e romances como manifestacións da lírica popular.	CCL, CD, CCEC
7. Crear cantigas.	7.1. Crea cantigas a partir duns modelos dados.	CCL, CAA	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Comenta diferentes actitudes lingüísticas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa festa.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.2. Forma palabras compostas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de formar palabras compostas.
4.1. Sabe conxugar os verbos regulares.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo de definir morfoloxicamente formas de verbos regulares.
4.2. Sabe conxugar algúns verbos regulares con variacións ou que poden ofrecer certas dúbidas respecto da súa regularidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF sobre a conxugación de verbos regulares con certas variacións.
5.1. Coñece e aplica correctamente as regras de uso do punto.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar correctamente o punto. - Ditado na PD.
6.1. Identifica cantigas e romances como manifestacións da lírica popular.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF de analizar poemas.
7.1. Crea cantigas a partir duns modelos dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable do mesmo.	É consciente da importancia e preponderancia da saúde sobre o aspecto físico.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos. Recita poemas.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Traduce cancións e escribe cantigas.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.
Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.		Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade, o da lectura e mais o do apartado de «Literatura».

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora a lingua, a literatura popular e as tradicións como expresións da nosa cultura. Mostra interese pola obra de escritores galegos consagrados.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios e das festas populares.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese as intervencións dos demais e respecta as súas opinións.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Como falante, mostra unha actitude de compromiso en relación co proceso de normalización da lingua.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas, fichas e resumos.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Reflexiona acerca da súa responsabilidade en relación co futuro da lingua.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e crea cantigas de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos

		vistos na unidade.
--	--	--------------------

Unidade 11

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

De feira no mar

Descrición da unidade

Os alimentos e, especialmente os produtos do mar, constitúen o eixe temático vertebrador desta unidade. De feito, ábrese cunha dobre páxina sobre a pesca, ilustrada por unha fotografía de Conxemar, feira internacional que medra cada ano en número de expositores e visitantes. Ao fío desta presentación, o «Vocabulario» reúne un conxunto de verbos relacionados coas accións de cociñar e comer. Neste apartado, ademais, resérvase un breve espazo para repasar os castelanismos léxicos.

Tamén a lectura conecta co texto inicial, no sentido de que se centra no poder da publicidade para dar a coñecer as novidades do mercado. Os anuncios retómanse no «Obradoiro de escritura», onde se expón a súa finalidade e se recollen diferentes exemplos.

A natureza e as tradicións asociadas a ela forman parte do noso patrimonio, igual que a lingua. A través dunha breve exposición e dunha serie de actividades de aplicación, o apartado «Lingua e sociedade» invita a reflexionar acerca da responsabilidade de cada un en relación co futuro do galego.

Rematado xa o estudo do verbo, a sección de «Gramática» dedícase aos adverbios e locucións adverbiais. Clasifícanse en táboas, explícase a súa función e ofrécese diversos exercicios de aplicación.

En «Ortografía» continúa o repaso dos signos de puntuación. A coma e o punto e coma ocupan dúas páxinas nas que, á parte dunha exposición teórica, achéganse actividades para practicar.

Despois dun amplo percorrido pola narrativa e a poesía, esta vez a «Literatura» detense no teatro, para analizar as súas principais características, coñecer os subxéneros e traballar sobre algúns exemplos.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Vanessa e o anuncio de televisión» (Agustín Fernández Paz: *Contos por palabras*, Edicións Xerais).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: o futuro depende de ti. VOCABULARIO: Cociñar e comer. Castelanismos léxicos. GRAMÁTICA: Os adverbios. ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (2). OBRADOIRO DE ESCRITURA: Creación literaria: taller de teatro.
- **Literatura:** O xénero dramático.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Futuro do galego.
- Verbos relacionados con cociñar e comer.
- Castelanismos léxicos.
- Adverbios e locucións adverbiais.
- Uso da coma e do punto e coma.
- Características do xénero dramático e subxéneros teatrais.

- Creación de textos teatrais.

Temporalización:

Maio:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Recoñecer a responsabilidade dos falantes no futuro da lingua.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coas accións de cociñar e comer.
- Identificar castelanismos léxicos.
- Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.
- Coñecer as regras de uso da coma e do punto e coma.
- Recoñecer as características básicas do texto dramático.
- Transformar e crear textos teatrais.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Creación de textos teatrais. - Verbos relacionados coas accións de cociñar e comer. - Castelanismos léxicos. - Adverbios e locucións adverbiais. - Uso da coma e do punto e coma. - Xénero teatral. - Creación de textos teatrais. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CAA
	2. Recoñecer a responsabilidade dos falantes no futuro da lingua.	2.1. Reflexiona sobre o futuro do galego e é consciente da importancia de usalo nos diferentes ámbitos da vida cotiá.	CCL, CCEC, CSC, CAA
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas accións de cociñar e comer festa e identificar castelanismos léxicos.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coas accións de cociñar e comer.	CMCT, CCL
		3.2. Identifica e corrixe algúns castelanismos léxicos.	
	4. Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.	4.1. Identifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función.	CCL
		4.2. Clasifica os adverbios e locucións adverbiais segundo o significado que expresen.	
	5. Diferenciar a función da coma e do punto e coma.	5.1. Aplica correctamente a coma e o punto e coma en diversos textos.	CCL
6. Recoñecer as características básicas do texto dramático.	6.1. Recoñece as características básicas do xénero teatral.	CCL, CD, CCEC	
7. Transformar e crear textos teatrais.	7.1. Transforma e crea textos teatrais.	CCL, CAA	

#

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Reflexiona sobre o futuro do galego e é consciente da importancia de usalo nos diferentes ámbitos da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coas accións de cociñar e comer.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF para traballar o léxico estudado.
3.2. Identifica e corrixe algúns castelanismos léxicos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de identificar castelanismos.
4.1. Identifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo de utilizar locucións adverbiais.
4.2. Clasifica os adverbios e locucións adverbiais segundo o significado que expresen.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de clasificar adverbios.
5.1. Aplica correctamente a coma e o punto e coma en diversos textos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar correctamente a coma e o punto e coma. - Ditado na PD.
6.1. Recoñece as características básicas do xénero teatral.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF de analizar un texto teatral.
7.1. Transforma e crea textos teatrais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.	É consciente da importancia de levar unha dieta sa e equilibrada.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Mostra interese por expresarse con corrección. Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos. Sabe facer unha lectura dramatizada.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas, evitando os castellanismos. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.	Utiliza elementos non-textuais na creación e carteis e doutro tipo de mensaxes publicitarias.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias	Crea anuncios publicitarios.

	diversas.	
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Interpreta con criterio propio as mensaxes publicitarias que transmiten os medios de comunicación.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade, o da lectura e mais o do apartado de «Literatura».
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e entende o valor literario das pezas teatrais.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese as intervencións dos demais e respecta as súas opinións.
	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Como falante, mostra unha actitude de compromiso en relación cos procesos de normalización e normativización da lingua.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Reflexiona acerca da súa responsabilidade en relación co futuro da lingua. Desenvolve o pensamento crítico necesario para interpretar adecuadamente as

		mensaxes publicitarias.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e crea anuncios publicitarios de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

Unidade 12

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

De traballo a deporte

Descrición da unidade

Acaba o curso, achéganse as vacacións e unha boa maneira de aproveitalas é practicando exercicio físico. Así, en clave deportiva, desenvólvese esta última unidade, que se abre e se pecha embarcada en traíñeiras.

Deportista é tamén unha das personaxes que protagonizan a lectura inicial, así como o campo semántico que se traballa no «Vocabulario». Neste apartado resérvase, ademais, un pequeno espazo para os préstamos lingüísticos. No ámbito do deporte (en concreto, da halterofilia), enmárcase así mesmo o cómic que ilustra a sección de «Literatura».

En «Lingua e sociedade» insítese na responsabilidade dos falantes de cara ao futuro da nosa lingua, un asunto que xa se tratara nas dúas unidades anteriores. Nesta ocasión, faise fincapé na corrección e na importancia de evitar castelanismos.

A «Gramática» conclúe o percorrido polas distintas clases de palabras, e ocúpase nesta ocasión dos nexos: preposicións, locucións prepositivas, conxuncións e locucións prepositivas.

E na «Ortografía» remata tamén un repaso que se iniciara na unidade 10: o dos signos de puntuación. Esta vez, trabállanse os dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de interrogación e de admiración.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Lectura e comentario:** «Matilda e a señorita Trunchbull» (Roald Dahl: *Matilda*, Ed. Alfaguara-Obradoiro).
- **Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Galego: corrección. VOCABULARIO: O deporte é saúde. Préstamos. GRAMÁTICA: Preposicións e conxuncións. ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (3).
- **Literatura:** O cómic. OBRADOIRO DE ESCRITURA: Traballo con textos: que anuncias?

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial e que enlaza co comezo da unidade. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Comentario guiado dun texto.
- Corrección lingüística.
- Vocabulario relacionado co deporte.
- Préstamos lingüísticos.
- Preposicións, locucións prepositivas, conxuncións e locucións conxuntivas.
- Uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.
- Características do cómic.
- Textos publicitarios.

Temporalización:

Xuño:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Recoñecer a importancia de usar a lingua con corrección.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado cos deportes.
- Identificar préstamos lingüísticos.
- Identificar preposicións e conxuncións.
- Coñecer as regras de uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.
- Analizar os elementos propios da linguaxe do cómic.
- Analizar textos publicitarios.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Corrección lingüística. - Vocabulario relacionado co deporte. - Préstamos lingüísticos. - Preposicións, locucións prepositivas, conxuncións e locucións conxuntivas. - Uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración. - Características do cómic. - Análise de mensaxes publicitarias. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMCT, CCL, CD, CSC, CAA
	2. Recoñecer a importancia de usar a lingua con corrección.	2.1. Esfórzase por utilizar o galego con corrección, tanto o falado coma o escrito.	CCL, CSC, CAA
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado cos deportes e identificar préstamos lingüísticos.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos deportes.	CMCT, CCL
		3.2. Comprende o concepto de <i>préstamo</i> .	
	4. Identificar preposicións e conxuncións.	4.1. Recoñece preposicións e conxuncións e utilízalas correctamente.	CCL
	5. Coñecer as regras de uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.	5.1. Coñece e aplica correctamente as regras de uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.	CCL
	6. Analizar os elementos propios da linguaxe do cómic.	6.1. Analiza os elementos dun cómic.	CCL, CCEC
7. Analizar textos publicitarios.	7.1. Analiza as características e a finalidade das mensaxes publicitarias.	CCL, CD, CSC, CAA	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Esfórzase por utilizar o galego con corrección, tanto o falado coma o escrito.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado cos deportes.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF para traballar o léxico estudado.
3.2. Comprende o concepto de <i>préstamo</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de identificar préstamos lingüísticos.
4.1. Recoñece preposicións e conxuncións e utilízalas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo de identificar e utilizar preposicións e conxuncións.
5.1. Coñece e aplica correctamente as regras de uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de utilizar correctamente os dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de interrogación e de admiración. - Ditado na PD.
6.1. Analiza os elementos dun cómic.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de ampliación nos RF de identificar as características do cómic e de transformar a historia que se conta nun cómic.
7.1. Analiza as características e a finalidade das mensaxes publicitarias.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.	É consciente da importancia de coidar a saúde a través da práctica do exercicio físico.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos. Utiliza a entoación e a dicción adecuadas na dramatización ou representación de textos teatrais.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Sabe transformar un fragmento teatral nun texto doutro xénero e crear textos teatrais propios.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, apéndice do libro...).
	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.	Interpreta adecuadamente o significado de onomatopeas, ideogramas, liñas de movemento... nos cómics.

		Utiliza a linguaxe corporal na representación de textos teatrais.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma.	Recoñece a diversidade lingüística na fala e identifica a variedade estándar como a normativa.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade, o da lectura e mais o do apartado de «Obradoiro de escritura».
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora a lingua, a literatura e as tradicións como expresións da nosa cultura.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Transmite emocións mediante a escenificación de textos teatrais.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a posta en escena dos textos teatrais.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Respecta os demais, demanda respecto para si e mostra adopta unha postura crítica fronte a actitudes que perturban a normal convivencia.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Mostra interese e unha actitude participativa na realización de actividades de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese as intervencións dos demais e

		respecta as súas opinións.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Recoñece as variedades lingüísticas como un elemento enriquecedor e respecta a forma de expresarse de cadaquén.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas, fichas e resumos.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Reflexiona acerca de comportamentos que perturban a normal convivencia.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e crea textos teatrais de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

2º ESO

OBXECTIVOS XERAIS DE 2º DE ESO

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

CONTIDOS XERAIS E CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos de 2º de ESO, ao igual ca os de 1º, agrúpanse en cinco bloques: a comunicación oral, a comunicación escrita, o funcionamento da lingua, as relacións lingua-sociedade e a literatura. Son os seguintes:

a) Comunicación oral

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os feitos dos distintos medios.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, aplicadas á solicitude de cambios).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

b) Comunicación escrita

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e das TIC como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das noticias, reportaxes e crónicas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas e aprendizaxes efectuadas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

c) Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a deixé espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste –antonimia– e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica, especialmente durante as exposicións planificadas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.

d) Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.

- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

e) Educación literaria

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción tradicional
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Como **contidos mínimos** para 2º de ESO, establécense os seguintes:

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas, o esquema e o resumo.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen.

Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.
- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo.
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.

- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios...
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.
- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.
- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión de riqueza cultural.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuizos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva de diversa tipoloxía de textos, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.

AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS

Combinaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación, de modo que non se cualificará unicamente polos resultados dos exames, senón que se terán en conta distintos tipos de probas ou exercicios escritos e/ou orais, as actitudes positivas cara á materia, o traballo continuo (na casa e na clase) e a lectura dos libros propostos. Cómpre destacar que se deberá atender ao alumnado na súa individualidade e detectar as carencias de cadaquén para traballar con material de reforzo ou ampliación, se é o caso.

Farase especial fincapé na corrección da expresión escrita, a todos os niveis. No ámbito da ortografía, descontarase por faltas de ortografía, incluíndo os tiles. Este departamento considera que son mecanismos que os leva a fixarse máis na elaboración dos seus escritos, conseguindo, a medida que avanza o curso, melloren na elaboración das súas producións.

Os **criterios de avaliación** que se aplicarán neste curso son os seguintes:

- Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguindo as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realiza exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribe –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planifica e revisa os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consulta de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar

a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

- Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa unha terminoloxía lingüística básica.
- Observa os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilízaa con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñece e comprende a diversidade lingüística do mundo actual.
- Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

TEMPORALIZACIÓN

Neste nivel a temporalización e secuenciación dos contidos irá de acordo co desenvolvementos da materia e tamén co deseño do libro de texto escollido.

Respectarase a distribución establecida polo formato do libro de texto , de maneira que se explicarán catro unidades por cada unha das tres avaliación, sendo os obxectivos, contidos, procedementos e criterios de avaliación os sinalados anteriormente, todo isto sen esquecermos que , como se comenta no apartado de “METODOLOXÍA” a distribución das unidades será quincenal e haberá que ter en conta a atención a diversidade o que pode implicar unha maior lentitude á hora de impartir a materia, podendo conlevar unha variación na secuenciación e temporalización da programación

Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio

5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Confín dos verdes castros

Descrición da unidade

Todas as unidades do libro ábrense cunha dobre páxina inicial ilustrada que contén un texto locutado e preguntas relacionadas con el; por unha parte, preténdese espertar o interese do alumnado pola cultura galega e, por outra, suxírese traballar a oralidade de xeito cooperativo. Nesta ocasión, a unidade comeza cun texto sobre os castros, parte fundamental do patrimonio de Galicia que é preciso valorar e protexer.

Pola súa banda, a comprensión escrita trabállase especialmente a partir da lectura inicial (para a que se escolleu e gravou un texto narrativo extraído da *Odisea*, de Homero) e do apartado de literatura, onde en cada unidade hai textos para comentar de xeito guiado.

As cuestións lingüísticas trátanse en diferentes apartados: o «Vocabulario» inclúe diversos exercicios para ampliar o léxico referido ás viaxes; a «Gramática» ofrece un primeiro achegamento á fonética e a fonoloxía coa presentación do sistema fonolóxico galego e, por último, a «Ortografía» repasa a diferenciación entre ditongos, tritongos e hiatos.

Na páxina dedicada a «Lingua e sociedade» preséntase o tema da diversidade lingüística e da situación das linguas no mundo e na «Literatura» faise unha introdución ás principais características da literatura (tanto a oral como a escrita).

Os contidos organízanse en diferentes seccións, de acordo coa seguinte estrutura:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO de «O ciclope Polifemo» (Homero: *A Odisea*, Edicións Rodeira).
- **Lingua:** VOCABULARIO: As viaxes. GRAMÁTICA: Os fonemas. ORTOGRAFÍA: A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos. LINGUA E SOCIEDADE: A diversidade lingüística. OBRADOIRO: A improvisación.
- **Literatura:** A características da literatura.

Neste primeiro «Obradoiro» do libro, traballarase sobre a improvisación oral e os aspectos lingüísticos que a caracterizan. Para finalizar, cada unidade péchase cunha dobre páxina titulada «Aplica o que sabes», que lle permitirá ao alumnado autoavaliar os coñecementos adquiridos. En conxunto, preténdese que adquiran os seguintes coñecementos:

- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras conforman o campo semántico das viaxes.
- Cales son as unidades mínimas da lingua e que trazos distintivos definen o sistema vocálico do galego.
- Como se identifican os ditongos, os tritongos e os hiatos.
- Cantas linguas existen no mundo.
- Cales son as principais características dos textos literarios.
- Que ferramentas verbais e non verbais se poden empregar nunha improvisación oral.

Temporalización:

Setembro: outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar un texto narrativo.
- Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas viaxes.
- Identificar os fonemas vocálicos e consonánticos que forman o sistema fonolóxico galego.
- Dividir as palabras en sílabas e recoñecer os ditongos, tritongos e hiatos.
- Ser consciente da diversidade de linguas que existen no mundo.
- Distinguir as principais características da literatura.
- Coñecer os aspectos verbais e non verbais propios da improvisación oral.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	CCL, CAA
		LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	CCL, CAA
B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.	B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL, CAA
B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CSC, CCL
		LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	CCL, CSC, CSIE

B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	CCL, CAA
		LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	CCL, CCEC
B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL, CSC
		LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, <i>n</i> velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL
		LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL
		LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL
B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD, CAA, CSIEE
		LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	CD, CCL, CSC

B1.8. Participación activa en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	CCL, CSC
		LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	CCL, CSC
B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	CCL, CSC, CSIEE
B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	CCL, CSC
		LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CSC, CSIEE
B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.	B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	CCL, AAA
		LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	CCL

		LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	CCL, AAA
		LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL, CAA
B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	CCL
B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.	B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos no proceso de aprendizaxe continua.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	CCL, CD, CAA
		LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	CCL, CD, CAA
B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.	B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	CCL
B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins	B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e	LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de	CCL, CD

e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.	corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	
		LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	CCL, CD
B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.	LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	CCL, CD
		LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido.	CCL
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	CCL, CCC
B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL, CAA
B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
		LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL
B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.	B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.	LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.	CCL, CAA

<p>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.</p>	<p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.</p>	<p>LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.</p>	<p>CCL, CSC</p>
<p>B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.</p>	<p>B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.</p>	<p>LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos</p>	<p>CCL</p>
		<p>LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.</p>	<p>CCL</p>
<p>B5.7. Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</p>	<p>B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</p>	<p>LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</p>	<p>CCL, CCEC</p>
<p>B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</p>	<p>B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</p>	<p>LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</p>	<p>CCL, CD</p>

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	- Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade».
LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	- Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade».
LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	- escoita atenta do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial. - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta».
LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que reñen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	- Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade».
LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	- Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividade de expresión oral do «Comentario da lectura». - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	- escoita atenta do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial. - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividades de expresión oral do «Comentario da lectura». - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízala na súa práctica habitual.	- Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividades de expresión oral do «Comentario da lectura». - Actividade 1 de «Lingua e sociedade» - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	- Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividades de expresión oral do «Comentario da lectura». - Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade». - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a	- Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividades de expresión oral do «Comentario da lectura».

fonética galega (pronuncia das sete vogais, <i>n</i> velar e fonema fricativo palatal xordo).	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade». - Actividades da «Gramática». - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividade de expresión oral do «Comentario da lectura». - Actividade 1 de «Lingua e sociedade». - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta». - Actividade de expresión oral do «Comentario da lectura». - Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade». - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 10, 11 e 12 do apartado «Aplica o que sabes».
LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 10, 11 e 12 do apartado «Aplica o que sabes».
LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade».
LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade».
LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do «Obradoiro».
LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 2 do «Obradoiro».
LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do «Obradoiro».
LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 1 e 2 do «Comentario da lectura». - Actividades do «Vocabulario».
LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de comprensión do «Comentario da lectura».
LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta da páxina que se suxire no recadro «Podes coñecer?», na apertura da unidade e mais das que se propoñen para resolver as actividades dos distintos apartados.

LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	- Actividades de expresión oral e análise do apartado «Comentario da lectura».
LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	- Textos de presentación da unidade e de cada apartado.
LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	- Consulta das páxinas que se suxiren no recadro «Podes coñecer?», na apertura da unidade. - Actividades do apartado «Lingua e sociedade». - Actividades 8, 9 e 10 da «Literatura». - Actividades 10, 11 e 12 do apartado «Aplica o que sabes».
LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	- Actividade 1 do «Comentario da lectura». - Actividade 1 da «Gramática». - Actividade 9 do apartado «Aplica o que sabes».
LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	- Lectura do texto de presentación, da lectura da unidade, dos textos da «Literatura» e do apartado «Aplica o que sabes».
LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	- Actividades 8, 9 e 10 da «Literatura». - Actividades 10, 11 e 12 do apartado «Aplica o que sabes».
LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	- Actividades 10, 11 e 12 do apartado «Aplica o que sabes».
LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	- Actividade 13 do «Comentario da lectura».
LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido.	- Actividade 5 do «Comentario da lectura».
LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	- Actividades do «Vocabulario». - Actividade 1 de debate do apartado «Lingua e sociedade». - Actividades 11 e 12 do apartado «Aplica o que sabes».
5.2. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 4 e 5 do LA. - Actividade de reforzo nos RF para clasificar as palabras en elementos de substrato ou de superestrato.
6.1. Coñece as principais características da literatura popular e identifica os xéneros da prosa máis abondosos: o conto e a lenda.	<ul style="list-style-type: none"> - Comentario de texto do LA.
6.2. Recoñece os diferentes tipos de cantigas.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Opina acerca de temas propostos e conta unha lenda.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de acentuación.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nos debates que teñen lugar na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Sabe como se formou o galego e entende algunhas características actuais a partir da súa evolución histórica.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, testemuño oral de persoas maiores...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escribe un correo electrónico.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura e mais o do

		apartado «Comentario de texto».
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e crea adiviñas de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Valora a literatura popular e as tradicións como expresión da nosa cultura.

UNidade 2

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Festa da Historia

Descrición da unidade

A dobre páxina inicial abre a porta á Idade Media, época na que se enmarcan tanto a Festa da Historia (ou *Istoria*) de Ribadavia como o período literario que se inicia nesta unidade e cuxo estudo se estenderá ata a unidade 5. O galego antigo é, asemade, o contido no que se centra o apartado «Lingua e sociedade».

Estúdase ademais o acento diacrítico, a estrutura e as clases de palabras, e o campo semántico das plantas medicinais e aromáticas, ao fío da lectura inicial, tomada d'*Os outros feirantes*.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo coa seguinte estrutura:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO de «Marcelino Salgueiro» (Álvaro Cunqueiro: *Os outros feirantes*, Ed. Galaxia). O texto narrativo.
- **Lingua:** VOCABULARIO: As plantas medicinais e aromáticas. ORTOGRAFÍA: O acento diacrítico. GRAMÁTICA: As palabras. LINGUA E SOCIEDADE: O galego na Idade Media.
- **Literatura:** Clasificación da literatura galego-portuguesa medieval. A lírica medieval. A cantiga de amigo. ANTOLOXÍA: Cantigas de amigo. COMENTARIO DE TEXTO: Cantiga «Levous'a louçana», de Pero Meogo. OBRADOIRO DE LITERATURA: Creación dunha cantiga de amigo.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Que características definen un texto narrativo.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras levan acento diacrítico.
- Como están formadas as palabras e como se clasifican segundo a súa estrutura.
- Que status tiña o galego na Idade Media e cales eran as súas principais características.
- En que xéneros se clasifica a literatura galego-portuguesa medieval.
- A lírica profana: en que cancioneros se conserva, cales eran os autores e intérpretes, que xéneros se recoñecen nela.
- Que características formais e temáticas definen as cantigas de amigo.

Temporalización:

Outubro:



2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os elementos propios dos textos narrativos.
- Ampliar o vocabulario relacionado plantas aromáticas e medicinais.
- Aplicar correctamente as regras de uso do acento diacrítico.
- Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura.
- Identificar algunhas características lingüísticas do galego medieval.
- Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval.
- Identificar as características temáticas e formais das cantigas de amigo.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a narración. - Vocabulario relacionado coas plantas aromáticas e medicinais. - O acento diacrítico. - Estrutura e clasificación das palabras. - O galego na Idade Media: status e características. - A literatura galego-portuguesa medieval: clasificación. - A lírica medieval: cancioneros; autores e intérpretes. - A cantiga de amigo: variedades temáticas e recursos formais. 	1. Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo tendo en conta os elementos que o caracterizan.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento.	CCL, CD, CAA
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas plantas aromáticas e medicinais.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das plantas aromáticas e medicinais.	CCL, CMCT
	3. Aplicar correctamente o acento diacrítico.	3.1. Aplica correctamente as regras de uso do acento diacrítico.	CCL
	4. Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura.	4.1. Analiza o lexema e os morfemas dunha palabra dada. 4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos. 4.3. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.	CCL
	5. Coñecer a situación do galego na Idade Media e recoñecer algunhas características lingüísticas do galego medieval.	5.1. Coñece a situación do galego na Idade Media e identifica algunhas das súas características lingüísticas.	CCL, CCEC

	<p>6. Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval.</p>	<p>6.1. Coñece a orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval. 6.2. Identifica, comenta e crea cantigas de amigo.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC</p>
--	---	--	-------------------------------

#

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das plantas aromáticas e medicinais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA para ampliar e practicar o vocabulario.
3.1. Aplica correctamente as regras de uso do acento diacrítico.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de acentuar palabras.
4.1. Analiza o lexema e os morfemas dunha palabra dada.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de separar o lexema dos morfemas.
4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF sobre a formación de palabras.
4.3. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de clasificar palabras segundo a súa base léxica e de formar palabras parasintéticas.
5.1. Coñece a situación do galego na Idade Media e identifica algunhas das súas características lingüísticas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
6.1. Coñece a orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía do LA.
6.2. Identifica, comenta e crea cantigas de amigo.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía e comentario de texto do LA. - Actividades do «Obradoiro de literatura» no LA. - Actividades de ampliación nos RF de comentario dunha cantiga.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Opina acerca de temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de uso do acento diacrítico.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende algunhas características do galego actual a partir da súa evolución histórica.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, apéndice do libro...).
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Escribe unha cantiga de amigo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	Entende e valora o uso das plantas medicinais como remedios naturais para curar certas doenzas.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Elabora unha ficha e fai unha presentación a partir da información obtida na Rede.

	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: fichas, táboas, resumos, esquemas...
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai comentarios de texto e crea unha cantiga de amigo de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita e respecta as opinións dos demais.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Desenvolve o pensamento crítico necesario para interpretar con criterio as supersticións e as mensaxes que achegan certos xéneros televisivos.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Coñece e valora o status da lingua e da literatura galega ao longo da súa evolución histórica. Valora as tradicións como expresión da nosa cultura.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Expresa sentimentos amorosos mediante a composición dunha cantiga de amigo.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida o contido e a forma dos seus traballos e presentacións.

#

UNIDADE 3

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Santo André

Descrición da unidade

Esta unidade ábrese cunha imaxe de Santo André de Teixido, lugar lendario visitado por romeiros e envolto en tradicións ancestrais que se describen no texto. Ao fío desta dobre páxina de apertura, a lectura seleccionada ten que ver, asemade, con mortos e con vivos; trátase de *Frankenstein*, de Mary Shelley, que de seguro espertará o interese do alumnado. A continuación, no apartado «Análise de textos» abórdase a descrición, unha tipoloxía que se pode traballar a partir da fotografía inicial e dos fragmentos que, na lectura, presentan a personaxes e ambientes. Retomárase, ademais, no «Obradoiro de literatura».

Ben coñecidos son os ritos da herba namoradeira e dos *sanandresiños*, que á parte doutros beneficios, proporcionan amor e saúde. O amor era o tema das cantigas de amigo e, claro está, das cantigas de amor, obxecto de estudo do apartado de «Literatura». Por iso, o campo semántico que recolle o «Vocabulario» ten que ver coas emocións e os sentimentos.

Na unidade trabállanse tamén algúns signos de puntuación e comeza, co substantivo, o estudo das diferentes clases de palabras, que ocupará a sección de «Gramática» ao longo do que queda de curso. E en «Lingua e sociedade» déixase a evolución do galego para dar paso a un asunto sincrónico, relacionado coa situación actual das linguas nos Estados plurilingües.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo coa seguinte estrutura:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO de «Frankenstein» (Mary Shelley: *Frankenstein*, Ed. La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega de Clásicos Universais). O texto descriptivo.
- **Lingua:** VOCABULARIO: Emocións e sentimentos. ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (1): punto, coma e punto e coma. GRAMÁTICA: O substantivo. LINGUA E SOCIEDADE: O plurilingüismo.
- **Literatura:** A cantiga de amor. ANTOLOXÍA: Cantigas de amor. COMENTARIO DE TEXTO: Cantiga «Vi eu donas, senhor, em cas d'el-rei», de Xoán Airas de Santiago. OBRADOIRO DE LITERATURA: A descrición literaria.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Que características definen un texto descriptivo.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- En que casos se usan o punto, a coma e o punto e coma.
- Que características semánticas, morfolóxicas e sintácticas definen a un substantivo.
- Que é o *plurilingüismo*.
- Que características formais e temáticas definen as cantigas de amor e como se clasifican.

Temporalización: Novembro:



2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características do texto descritivo e aplicalas en creacións propias.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico das emocións e os sentimentos.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasificalos.
- Recoñecer o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e o plural.
- Comprender o concepto de *plurilingüismo*.
- Coñecer as principais características das cantigas de amor.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a descrición. - Vocabulario relacionado coas emocións e os sentimentos. - Os signos de puntuación: o punto, a coma e o punto e coma. - O substantivo: caracterización semántica, morfolóxica e sintáctica. - O plurilingüismo. - A cantiga de amor: temas, tipos e recursos formais. 	1. Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo seguindo uns criterios.	1.1. Le con fluidez e atención un texto e identifica as características do texto descritivo. 1.2. Escribe textos descriptivos.	CCL, CD, CAA, CCEC
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas emocións e os sentimentos.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das emocións e os sentimentos.	CCL, CSC
	3. Aplicar correctamente os signos de puntuación.	3.1. Aplica correctamente o punto, a coma e o punto e coma.	CCL
	4. Categorizar e clasificar substantivos e formar o feminino e o plural.	4.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintácticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura. 4.2. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados. 4.3. Forma o plural de substantivos simples e compostos.	CCL
	5. Comprender o concepto de <i>plurilingüismo</i> .	5.1. Comprende o concepto de <i>plurilingüismo</i> e enténdeo como unha realidade de carácter universal.	CCL, CSC
	6. Coñecer as principais características das cantigas de amor.	6.1. Identifica e comenta cantigas de amor.	CCL, CCEC, CAA

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiabes (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un texto e identifica as características do texto descritivo.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF. - Actividades de ampliación nos RF.
1.2. Escribe textos descritivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do «Obradoiro de literatura» do LA.
2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das emocións e os sentimentos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA para ampliar e practicar o vocabulario. - Actividades de reforzo nos RF.
3.1. Aplica correctamente o punto, a coma e o punto e coma.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de puntuar oracións.
4.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF de identificar, caracterizar e clasificar substantivos.
4.2. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF sobre o xénero do substantivo. - Actividades de ampliación nos RF sobre o xénero dos nomes.
4.3. Forma o plural de substantivos simples e compostos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
5.1. Comprende o concepto de <i>plurilingüismo</i> e enténdeo como unha realidade de carácter universal.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
6.1. Identifica e comenta cantigas de amor.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía e comentario de texto do LA. - Actividade de reforzo nos RF sobre as cantigas da «Antoloxía».

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Expón un tema diante dos compañeiros e compañeiras. Expresa a súa opinión achegando argumentos rigorosos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de uso dos signos de puntuación.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende e utiliza a lingua como signo de identidade cultural e como código de comunicación, con independencia do seu prestixio social.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, gramática, Internet, apéndice do libro...).
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Fai a descrición dun personaxe, dunha escena e dun obxecto.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	É consciente das vantaxes da ciencia e da tecnoloxía e tamén das repercusións negativas que pode ter un mal uso das mesmas.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar

		coñecementos.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Escribe un texto argumentativo a partir da información obtida na Rede.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta xeroglíficos e árbores de análise sintáctica. Compara un texto literario coa súa versión cinematográfica.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: táboas, resumos, esquemas...
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai comentarios de texto e escribe descrições de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.	Entende, valora e respecta os dereitos de cada lingua nos Estados plurilingües.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Acepta e respecta os sentimentos dos demais e mostra empatía. Recoñece e respecta o valor de cada lingua con independencia do seu prestixio social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Respecta e valora a lingua como signo de identidade cultural. Valora as tradicións como expresión da nosa cultura.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida o contido e a forma dos seus traballos e presentacións.

#

Unidade 4

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Vigo mira ao mar

Descrición da unidade

«Vigo mira ao mar» é o título desta unidade, que se abre cunha fermosa imaxe da ría e un texto sobre a actividade do Instituto Oceanográfico. Como sempre, formúlase unha serie de preguntas sobre o texto para favorecer a expresión oral e a participación activa do alumnado. Ademais, proporciónanse varios enlaces web para ampliar a información.

Do mar sáltase ao ceo, para abordar no «Vocabulario» o léxico relacionado co cosmos, un campo semántico que xa se adianta na lectura, pois os protagonistas mostran un interese compartido tanto polo universo virtual como polo firmamento que contemplan cos seus telescopios. Chatean sobre o tema pola noite, e ao fío da súa conversa abórdase o diálogo no apartado «Análise de textos».

As demais seccións da unidade enlazan cos seus correspondentes da unidade anterior. Así, na «Ortografía» trabállanse outros signos de puntuación; na «Gramática», outra clase de palabra (o adxectivo); en «Lingua e sociedade», aspectos relativos ás linguas en contacto; e na «Literatura», outras cantigas (as de escarnio), á parte de composicións menores.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo coa seguinte estrutura:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO de «Xúpiter *on-line*» (Leticia Costas: *O corazón de Xúpiter*, Edicións Xerais). O texto dialogado.
- **Lingua:** VOCABULARIO: O Universo. ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (2): dous puntos, puntos suspensivos, raia. GRAMÁTICA: O adxectivo. LINGUA E SOCIEDADE: Bilingüismo, diglosia e normalización lingüística.
- **Literatura:** As cantigas de escarnio. Os xéneros menores. ANTOLOXÍA: Cantigas de escarnio e pastorela. COMENTARIO DE TEXTO: Cantiga «Quem a sesta quiser dormir», de Pero da Ponte. OBRADOIRO DE LITERATURA: Reelaboración de textos.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Que características definen un texto dialogado.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- En que casos se usan os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia.
- Que características semánticas, morfolóxicas e sintácticas definen a un adxectivo.
- Que se entende por *bilingüismo*, *diglosia* e *normalización lingüística*.
- Que características formais e temáticas definen as cantigas de escarnio e como se clasifican.
- Que se entende por *xéneros menores* na lírica galego-portuguesa medieval e cales son.
- Como se reelabora un texto, de acordo cuns pasos dados.

Temporalización:



Novembro:

Decembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características do texto dialogado.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico do universo.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer.
- Entender e diferenciar os conceptos de *bilingüismo*, *diglosia* e *normalización lingüística*.
- Coñecer as principais características das cantigas de escarnio e das composicións que se agrupan na categoría de xéneros menores.
- Reescribir textos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto dialogado. - Os textos: o texto dialogado. - Vocabulario relacionado co universo. - Os signos de puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia. - O adxectivo: caracterización semántica, morfolóxica e sintáctica. - O bilingüismo, a diglosia e a normalización lingüística. - A cantiga de escarnio e maldicir: tipos, temas e recursos formais. - Os xéneros menores. - Reelaboración de textos. 	1. Ler con fluidez e comprensión un texto dialogado e comentalo seguindo uns criterios.	1.1. Le un texto e coméntao analizando as características lingüísticas e as marcas gráficas dun texto dialogado.	CCL, CD, CAA
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado co universo.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do universo.	CCL, CMCT
	3. Aplicar correctamente os signos de puntuación.	3.1. Aplica correctamente os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia.	CCL
	4. Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer.	4.1. Identifica e clasifica adxectivos. 4.2. Aplica as normas de concordancia do adxectivo, escribindo femininos e plurais doutros dados. 4.3. Diferencia os graos do adxectivo e aplica correctamente as partículas comparativas.	CCL
	5. Entender e diferenciar os conceptos de <i>bilingüismo, diglosia e normalización lingüística</i> .	5.1. Diferencia entre bilingüismo e diglosia e recoñece a importancia de normalizar o uso dunha lingua.	CCL, CSC
	6. Coñecer as características propias das cantigas de escarnio e dos xéneros menores, e facer un comentario seguindo uns criterios dados.	6.1. Recoñece as características propias da cantiga de escarnio e maldicir e comenta un texto representativo do xénero. 6.2. Identifica e caracteriza algunhas composicións consideradas como xéneros menores.	CCL, CCEC

	7. Reescribir e ampliar textos.	7.1. Reelabora textos a partir dunhas pautas dadas.	CCL, CAA, CCEC
--	---------------------------------	---	----------------------

#

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le un texto e coméntao analizando as características lingüísticas e as marcas gráficas dun texto dialogado.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do texto que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF.
2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do universo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA para ampliar e practicar o vocabulario.
3.1. Aplica correctamente os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de puntuar oracións e textos.
4.1. Identifica e clasifica adxectivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de completar un texto con adxectivos e de explicar o significado que achegan.
4.2. Aplica as normas de concordancia do adxectivo, escribindo femininos e plurais doutros dados.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividade de reforzo nos RF sobre a formación do feminino de adxectivos dados.
4.3. Diferencia os graos do adxectivo e aplica correctamente as partícula comparativas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
5.1. Diferencia entre bilingüismo e diglosia e recoñece a importancia de normalizar o uso dunha lingua.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
6.1. Recoñece as características propias da cantiga de escarnio e maldicir e comenta un texto representativo do xénero.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía e comentario de texto do LA. - Actividades de ampliación nos RF de comentar cantigas.
6.2. Identifica e caracteriza algunhas composicións consideradas como xéneros menores.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía do LA.
7.1. Reelabora textos a partir dunhas pautas dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do «Obradoiro de literatura», no LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Achega as súas ideas de maneira ordenada nos debates propostos na clase.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de uso dos signos de puntuación.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Diferencia e utiliza con corrección as linguas en contacto que coñece e coas que convive.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, gramática, Internet...).
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Escrebe un texto dialogado. Reescribe e amplía textos.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Aprecia o valor e a beleza do contorno natural e mostra unha actitude de respecto e compromiso cara ao coidado do medio.
	Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e das repercusións para a vida futura.	Entende as consecuencias que teñen no contorno determinados comportamentos humanos.

<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta emoticonas e árbores de análise sintáctica.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: táboas, resumos, esquemas...
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai comentarios de texto e reescribe textos de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Autoavalía a súa competencia lingüística en galego e en castelán. Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.	Entende, valora e respecta os dereitos de cada lingua en territorios onde, como en Galicia, existen lingua en contacto.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas. Mostra unha actitude conciliadora en situacións de conflito lingüístico.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Respecta e valora a lingua como signo de identidade cultural. Entende a gran riqueza cultural que achega o bilingüismo á nosa sociedade.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida o contido e a forma dos seus traballos e presentacións.

#

UNIDADE 5

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O curro de Sabucedo

Descrición da unidade

A dobre páxina inicial que abre esta unidade dá a coñecer unha das nosas tradicións máis antigas, que se remonta á época prerromana: a rapa das bestas. Logo vén a lectura, que neste caso é un cómic, un xénero moi atractivo para o alumnado e que se traballará nos apartados «Análise de textos» e «Obradoiro de literatura». O «Vocabulario» recolle un léxico que ten moito que ver coa banda deseñada: as artes.

A «Ortografía» aborda o uso das maiúsculas e as minúsculas, e a «Gramática» continúa co estudo das clases de palabras para centrarse na análise de dúas clases de determinantes: o artigo e o demostrativo. En relación co asunto do plurilingüismo, o bilingüismo, a diglosia e a normalización lingüística, que se explicaran no trimestre anterior, en «Lingua e sociedade» expónse unha visión xeral das linguas da Península Ibérica.

Coas *Cantigas de Santa María* remata o percorrido pola poesía galego-portuguesa, que se iniciara a principio de curso. Ocupan boa parte da «Literatura» e da «Antoloxía», e ademais elixiuse unha delas como texto para o comentario. Complétase a literatura medieval coa prosa, da que se achegan exemplos do ciclo artúrico (*A demanda do Santo Graal*) e das *Milagres de Santiago*.

Os contidos organízanse en apartados, de acordo coa seguinte estrutura:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO de «Ardalén» (Miguelanxo Prado: *Ardalén*, Ed. El Patitio Editorial). A banda deseñada.
- **Lingua:** VOCABULARIO: As artes. ORTOGRAFÍA: Maiúsculas e minúsculas. GRAMÁTICA: Os determinantes (1): o artigo e os demostrativos. LINGUA E SOCIEDADE: As linguas da Península Ibérica.
- **Literatura:** As *Cantigas de Santa María*. A prosa medieval. ANTOLOXÍA: Cantiga de Santa María. Textos en prosa tomados, respectivamente, de *Milagres de Santiago* e d'*A demanda do Santo Graal*. COMENTARIO DE TEXTO: Cantiga de Santa María. OBRADOIRO DE LITERATURA: Creación dun cómic.

Ao final, inclúese unha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que fai un repaso por medio de actividades de carácter competencial. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Cales son as principais características que definen a banda deseñada.
- Como se fai o comentario dun cómic, seguindo unhas pautas dadas.
- En que casos se usan a maiúscula e a minúscula.
- Cal é a función dos determinantes e como se clasifican.
- Que características semánticas, morfolóxicas e sintácticas definen aos artigos e aos demostrativos.
- Cal é o status legal e social das linguas da Península Ibérica.
- Cantas son, como se clasifican e cales son as características das *Cantigas de Santa María*.
- Que xéneros e que títulos son os máis destacados da prosa medieval.

Temporalización:

Xaneiro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer as características dos códigos, lingüístico e iconográfico, do cómic.
- Coñecer o vocabulario básico das artes.
- Utilizar correctamente as maiúsculas e as minúsculas.
- Coñecer a función dos determinantes e as súas clases.
- Coñecer e aplicar correctamente os artigos e os demostrativos.
- Coñecer as linguas que se falan na Península Ibérica e o status de cada unha.
- Coñecer as principais características da lírica relixiosa galego-portuguesa.
- Introducirse lixeiramente na prosa medieval.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: cómic. - Os textos: a banda deseñada. - Vocabulario relacionado coas artes. - O uso das maiúsculas e das minúsculas. - Os determinantes: artigos e demostrativos. - As linguas de España. - <i>As Cantigas de Santa María</i> e a prosa medieval. 	1. Ler con fluidez e comprensión un cómic e comentalo seguindo uns criterios.	1.1. Le con fluidez e atención un cómic e identifica os códigos lingüístico e iconográfico empregados. 1.2. Crea un cómic a partir dunhas pautas dadas.	CCL, CD, CAA, CCEC
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas artes.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das artes.	CCL, CCEC
	3. Coñecer o uso das maiúsculas e as minúsculas e utilízalas correctamente.	3.1. Utiliza correctamente as maiúsculas e as minúsculas.	CCL
	4. Coñecer a función dos determinantes e as súas clases e utilizar correctamente os artigos e os demostrativos.	4.1. Identifica os determinantes e sabe cal é a súa función. 4.2. Identifica e aplica os artigos e as súas contraccións. 4.3. Identifica e aplica os demostrativos e as súas contraccións.	CCL
	5. Identificar as linguas da Península Ibérica e o status de cada unha.	5.1. Identifica as linguas da Península Ibérica e sabe cal é o seu status oficial.	CCL, CSC
	6. Coñecer as principais características da lírica relixiosa galego-portuguesa e introducirse na prosa medieval.	6.1. Identifica e comenta <i>Cantigas de Santa María</i> . 6.2. Coñece algunhas obras da literatura galega medieval en prosa.	CCL, CAA, CCEC

#

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

/ Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Le con fluidez e atención un cómic e identifica os códigos lingüístico e iconográfico empregados.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura do cómic que abre a unidade do LA. - Actividades do apartado «Comentario da lectura», no LA. - Lectura complementaria e actividades sobre ela nos RF. - Actividades de ampliación nos RF.
1.2. Crea un cómic a partir dunhas pautas dadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Obradoiro de literatura», no LA.
2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das artes.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA para ampliar e practicar o vocabulario. - Actividades de reforzo nos RF.
3.1. Utiliza correctamente as maiúsculas e as minúsculas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF para practicar o uso das maiúsculas e as minúsculas.
4.1. Identifica os determinantes e sabe cal é a súa función.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de identificar determinantes e a súa función.
4.2. Identifica e aplica os artigos e as súas contraccións.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA. - Actividades de reforzo nos RF de completar oracións con artigos e as súas contraccións.
4.3. Identifica e aplica os demostrativos e as súas contraccións.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
5.1. Identifica as linguas da Península Ibérica e sabe cal é o seu status oficial.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do LA.
6.1. Identifica e comenta <i>Cantigas de Santa María</i> .	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía e comentario de texto do LA. - Actividade de reforzo nos RF sobre as cantigas da «Antoloxía».
6.2. Coñece algunhas obras da literatura galega medieval en prosa.	<ul style="list-style-type: none"> - Antoloxía do LA. - Actividades de ampliación dos RF sobre un texto medieval en prosa.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le o cómic inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Comparte ideas en gran grupo acerca dun tema proposto. Expresa a súa opinión achegando argumentos rigorosos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de uso das maiúsculas.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Diferencia e utiliza con corrección as dúas linguas oficiais en Galicia: o galego e o castelán.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, gramática, Internet...).
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Crea un cómic.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.	Redacta un breve texto acerca das vantaxes de camiñar.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e exercicio físico.	É consciente da importancia de adoptar costumes saudables, como camiñar en lugar de usar medios de transporte.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a	Busca información en

	busca de información.	dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Interpreta e comenta información obtida na Rede. Utiliza programas e aplicacións para crear o seu propio cómic.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta un plano e árbores de análise sintáctica.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o cómic que serve como lectura para a unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: táboas, resumos, esquemas...
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai comentarios de texto e elabora un cómic de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.	Entende, valora e respecta os dereitos de cada lingua nas comunidades autónomas onde hai outra lingua oficial á parte do castelán.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Respecta e valora a lingua como signo de identidade cultural. Valora as tradicións como expresión da nosa cultura.

	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Coñece e valora a irmandade histórica entre o portugués e o galego.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida o contido e a forma dos seus traballos e presentacións.

UNIDADE 6

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Entroido de Laza

Descrición da unidade

Xa está próximo o Entroido, e achegámonos a el desde a dobre páxina inicial da unidade, que se abre cunha vistosa fotografía e cun texto de presentación sobre esta festa tan popular, especialmente nalgúns lugares de Galicia. Esas e outras localidades servirán para traballar o contido que se recolle no apartado de «Vocabulario»: os topónimos.

Como lectura elixiuse un fermoso poema de Celso Emilio Ferreiro, sobre o que se ofrecen abundantes exercicios para o seu comentario. A poesía é tamén obxecto de estudo na «Análise de textos», e vólvese sobre ela no «Obradoiro de literatura», que propón a creación e a recreación poética a partir dunhas pautas dadas.

A «Ortografía» explica algúns procedementos para a redución de palabras, e a «Gramática» continúa co estudo dos determinantes que comezara no tema anterior.

Nesta unidade retómase o percorrido pola historia da lingua, que se iniciara na 1 e na 2. E faise para entender mellor o contexto no que se desenvolveu a literatura entre os séculos XVI e XVIII, período de decadencia para o galego como consecuencia da penetración do castelán, da que se fai eco o «Pranto da Frouseira», poema que se escolleu para o «Comentario de texto».

Paralelamente, foméntanse a expresión e a creatividade, mediante as actividades que se propoñen sobre os textos.

O estudo da lingua inclúe diversos exercicios para ampliar o léxico referido ás formas de ser, así como un repaso das regras de acentuación e un primeiro achegamento á fonética e a fonoloxía (explícase o concepto de *fonema* e preséntase o sistema vocálico).

En «Lingua e sociedade» faise unha breve exposición dos feitos máis relevantes da historia social do galego no primeiro terzo do século xx. Nese contexto sitúase a produción literaria de autores como Noriega Varela e Ramón Cabanillas, cuxa obra é obxecto de estudo ao longo de varias páxinas.

Os contidos organízanse en diferentes seccións, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO de «Branca de Neve» (Francisco Castro: *O corazón da Branca de Neve*, Ed. Galaxia). O texto narrativo.
- **Lingua:** VOCABULARIO: Formas de ser. REPASO DE ORTOGRAFÍA: A acentuación. ESTUDO DA LINGUA: Fonética (1). Vocalismo. LINGUA E SOCIEDADE: O galego no primeiro terzo do s. xx. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O traballo monográfico.
- **Literatura:** A literatura no tempo das Irmandades. ANTOLOXÍA: Poemas de Ramón Cabanillas e Noriega Varela. COMENTARIO DE TEXTO: «Galahaz, derradeiro, colle estreita vereda», tomado de *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas.

Péchase a unidade cunha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que lles permitirá aos alumnos e alumnas autoavaliar o que aprenderon. En conxunto, preténdese que adquiran os seguintes coñecementos:

- Que é un texto narrativo e cales son as súas principais características.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras conforman o campo semántico das formas de ser.
- Cales son as unidades mínimas da lingua e que trazos distintivos definen o sistema vocálico do galego.
- Que feitos significativos para a evolución do galego ocorreron no primeiro terzo do século xx.
- Como era o panorama literario no tempo das Irmandades da Fala.
- Cales son as principais características e os títulos máis importantes da obra poética de Noriega Varela e Ramón Cabanillas.
- Como se elabora un traballo monográfico.

Temporalización:

Setembro: Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos narrativos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas formas de ser.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación.
- Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego, con especial atención ás vogais.
- Coñecer e describir os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua galega no primeiro terzo do século xx.
- Coñecer o panorama literario a comezos do século xx, así como a obra dos principais autores.
- Crear un traballo monográfico, en soporte impreso ou dixital, seguindo uns pasos dados.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	CCL, CD
B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B2.1. Comprensión, interpretación e análise dun texto narrativo.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo.	CCL, CAA
		LGB2.1.2. Aplica os coñecementos léxicos propios e recursos alleos (diccionario) para solucionar problemas de comprensión.	
		LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico, suficientemente amplo e preciso, co apoio do diccionario.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso, de diferentes categorías gramaticais.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.	CCL, CAA
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e	CCL, CD

de normativa.	aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	
B3.6. Aplicación e valoración das normas de acentuación.	B3.6. Aplicar correctamente as regras de acentuación.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as regras de acentuación nos seus escritos.	CCL, CAA
B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego: vocalismo.	B3.4. Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego, con especial atención ás vogais.	LGB3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación e ás vogais de grao medio.	CCL, CAA
B4.6. Análise e comprensión dos feitos máis relevantes da historia social do galego no primeiro terzo do século xx.	B4.4. Coñecer e describir os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua galega no primeiro terzo do século xx.	LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega no primeiro terzo do século xx.	CCL, CCEC
		LGB4.4.3. Analiza a situación da lingua galega no primeiro terzo do século xx.	
B5.1. Identificación e comprensión das etapas na produción literaria en galego nos comezos do século xx.	B5.1. Coñecer o panorama literario a comezos do século xx, así como a obra dos principais autores.	LGLB5.1.2. Comprende e explica as etapas na produción literaria en galego nos comezos do século xx e coñece a obra dos principais autores.	CCL, CCEC
B5.3. Lecturas comprensivas e expresivas e audicións de textos poéticos representativos da literatura galega nos comezos do século xx.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de textos poéticos representativos da literatura galega nos comezos do século xx.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx.	CCL, CCEC
		LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx.	
B5.2. Lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de	B5.2. Ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de	LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou poemas representativos da literatura galega de comezos do século xx,	CCL, CCEC, CAA

comezos do século xx.	comezos do século xx.	resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definatorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época.	
		LGLB5.2.3. Comenta de forma guiada textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx.	
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar información obtida na Rede.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede.	CCL, CD, CAA
		LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	
B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso.	CCL, CAA
		LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	
B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos.	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.10.2. Usa as TIC para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos.	CCL, CD
B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	CCL

B5.6. Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula, co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL, CCEC, CSIEE
		LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	<ul style="list-style-type: none"> - escoita atenta do texto que abre a unidade do LA e máis da lectura inicial. - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA.
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA. - Actividade de expresión oral do «Comentario da lectura» do LA.
LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 9 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade proposta sobre o texto 5 na «Antoloxía» do LA. - Actividade 9 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade de resumo na ficha de traballo 1 do TD.
LGB2.1.2. Aplica os coñecementos léxicos propios e recursos alleos (dicionario) para solucionar problemas de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do apartado «Comentario de texto» do LA.
LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura e actividades do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 5 do apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividades 2 a 8 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Vocabulario» do LA. - Actividades 1 e 10 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade complementaria proposta na PD. - Actividade de traballo co léxico na ficha de traballo 1 do TD. - Actividade interactiva dos RD.

<p>LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Vocabulario» do LA. - Actividade 1 do apartado «Comentario de texto» do LA. - Consulta do apéndice do 1.º trimestre do LA para realizar as actividades do apartado «Repaso de ortografía». - Consulta do esquema das unidades lingüísticas e as disciplinas que as estudan nos RD. - Actividade 2 do apartado «Estudo da lingua». - Consulta do apéndice do 1.º trimestre do LA para realizar a actividade 10 do apartado «Comentario de texto». - Consulta na Rede do <i>Diccionario de pronuncia da lingua galega</i>.
<p>LGB3.6.1. Aplica correctamente as regras de acentuación nos seus escritos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Repaso de ortografía» do LA. - Actividade 12 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade de acentuación da ficha de traballo 1 do TD. - Actividade interactiva dos RD.
<p>LGB3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación e ás vogais de grao medio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade 11 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do TD de identificar e diferenciar vogais de grao medio. - Actividade interactiva dos RD.
<p>LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega no primeiro terzo do século xx.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre o papel dos intelectuais no desenvolvemento e dignificación do galego a comezos do século xx. - Actividades da ficha de traballo 2 do TD.
<p>LGB4.4.3. Analiza a situación da lingua galega no primeiro terzo do século xx.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Lingua e sociedade» do LA.
<p>LGLB5.1.2. Comprende e explica as etapas na produción literaria en galego nos comezos do século xx e coñece a obra dos principais autores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Literatura» do LA. - Actividades da ficha de traballo 1 do TD de identificar as etapas e os principais autores da literatura galega a comezos do século xx. - Actividade interactiva dos RD.
<p>LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartados «Antoloxía» e «Comentario de texto» do LA.

LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx.	- escoita activa do poema 5 do apartado «Antoloxía» e do poema do «Comentario de texto» do LA.
LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definatorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época.	- Lectura dos poemas dos apartados «Antoloxía» e «Comentario de texto».
LGLB5.2.3. Comenta de forma guiada textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx.	- Actividades sobre os poemas do apartado «Antoloxía» do LA. - Actividades do «Comentario de texto» do LA. - Comentario do poema «Galicia», de Ramón Cabanillas, proposto na LC.
LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede.	- Consulta das páxinas que se suxiren nos recadros «Na Web...». - Consulta da páxina que se suxire no recadro «Podes coñecer?», na apertura da unidade do LA, e mais das que se propoñen para resolver as actividades dos distintos apartados.
LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	- Actividade do apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGB2.10.2. Usa as TIC para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGLB5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	- Actividade de expresión escrita do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 13 do apartado «Aplica o que sabes».
LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Valora a riqueza do noso patrimonio natural e toma conciencia da importancia de protexelo e conservalo.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Opina acerca de temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de acentuación.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Aplica os coñecementos adquiridos e baséase en modelos dados para a creación de textos propios de carácter literario.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra consensuadas na clase para debater.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Coñece a situación histórica en que se desenvolveu o galego a comezos do século xx e entende algunhas características actuais a partir da súa evolución no

		tempo.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (dicionarios, apéndice do libro, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza os recursos de audio que achega o libro para mellorar a comprensión e a expresión oral. Utiliza programas informáticos para a creación dun libro dixital.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.	Valora o texto literario como expresión da nosa cultura, así como os autores que contribuíron ao seu desenvolvemento.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Transmite sentimentos, emocións e sensacións de personaxes en textos propios de carácter literario.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Valora a beleza da paisaxe. Aprecia a composición de textos como expresión artística.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	Mostra iniciativa á hora de intervir nos debates propostos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Fai resumos e elabora fichas para unha mellor comprensión dos contidos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Reflexiona e organiza o seu traballo e as súas creacións de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de

		maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
--	--	---

6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Tarefa 1: Observamos a imaxe da dobre páxina inicial e escoitamos o texto «O Pindo».

- Comentamos en gran grupo a foto do Monte Pindo, coas achegas de todos os alumnos e alumnas: vivencias, opinións, curiosidades...
- Escoitamos o texto e aclaramos posibles dúbidas.
- Respondemos as preguntas do recadro «Escoita ou le e contesta» do LA.
- Buscamos información na Rede acerca doutros espazos naturais de interese e debatemos acerca da importancia de conservalos e protexelos.

Tarefa 2: Lemos e escoitamos o texto da lectura («Branca de Neve») e aclaramos posibles dúbidas de comprensión.

- Definimos que é un texto narrativo e diferenciamos entre argumento, trama e tema.
- Realizamos as actividades do comentario, tendo en conta a información que achega o apartado «Análise de textos».
- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD e identificamos as ideas previas.
- Realizamos as actividades do comentario da lectura do LA.

Tarefa 3: Ampliamos e aplicamos o léxico relacionado coas formas de ser.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade complementaria proposta na PD.
- Realizamos as actividades de traballo co léxico na ficha de traballo 1 do TD.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 4: Repasamos e practicamos as regras de acentuación.

- Consultamos o apéndice do LA para realizar as actividades.
- Realizamos as actividades do LA e do TD.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 5: Recoñecemos o fonema como a unidade mínima da lingua e analizamos o sistema vocálico do galego.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Consultamos o esquema das unidades lingüísticas e as disciplinas que as estudan nos RD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Consultamos na Rede o *Dicionario de pronuncia da lingua galega*.
- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Realizamos as actividades da ficha de traballo 1 do TD, de definir e identificar fonemas.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 6: Coñecemos a situación sociolingüística do galego a comezos do século xx.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos as actividades das fichas de traballo 1 e 2 do TD sobre o papel dos intelectuais e das institucións no desenvolvemento e dignificación do galego a comezos do século xx.

Tarefa 7: Achegámonos ao panorama literario do primeiro terzo do século xx, así como aos seus principais representantes.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Lemos os poemas que recolle a «Antoloxía».
- Escoitamos na Rede o himno de Acción Gallega.
- Escoitamos, lemos e analizamos o poema de Ramón Cabanillas que se propón como «Comentario de texto».
- Lemos e comentamos o poema «Galicia», de Ramón Cabanillas, proposto como LC.
- Realizamos as actividades da ficha de traballo 1 do TD de identificar as etapas e os principais autores da literatura galega a comezos do século xx.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 8: Facemos un traballo monográfico.

- Lemos atentamente os pasos e indicacións que dá o LA para a súa elaboración.
- Elaboramos o traballo.

Tarefa 9: Avaliamos o aprendido.

- Aplicamos o estudado na unidade mediante as actividades que propón o LA acerca dun texto.
- Escribimos un relato a partir das ideas que se achegan no LA.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Repaso dos contidos xa estudados no curso anterior.
- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto sobre o Monte Pindo, da lectura inicial e do poema do «Comentario de texto» co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; sintetizar a información en fichas que sirvan para repasar; planificar

- as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; utilizar o dicionario e outros manuais de consulta; etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
 - Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
 - Fomento da aprendizaxe activa, do traballo colaborativo e da expresión oral.
 - Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
 - Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
 - Proposta de elaboración dun traballo monográfico sobre un personaxe culturalmente relevante; por exemplo, algún dos que aparecen nos apartados «Lingua e sociedade» e «Literatura».
 - Proposta de lectura trimestral, escollendo entre os títulos que recolle o plan lector.
 - Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Textos locutados: o da dobre páxina inicial, o da lectura e o poema do apartado «Comentario de texto».
- Fichas de traballo para o tratamento da diversidade, lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora, material para o desenvolvemento das competencias, plan lector.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

- Enlaces web:

<http://anayaeducacion.es>

<http://www.anayaeducacion.es/usuario/auladigital.php>

páxinas que se suxiren no libro do alumno e na PD

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación inicial (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas

7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O ouro do Sil

Descrición da unidade

A dobre páxina inicial lévanos ao século II, cando os romanos escavaron o túnel de Montefurado. Unha fermosa imaxe e o texto (locutado) que a acompaña introdúcennos nunha unidade onde o vocabulario que se vai traballar é, precisamente, o paso do tempo... cronolóxico.

A lectura elixida nesta ocasión é «Sobre a morte do Bieito», un dos relatos que compoñen *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, e servirá para traballar o punto de vista nos textos narrativos, ademais doutros aspectos relacionados coa análise e o comentario. Sobre a narrativa volverase nas seccións dedicadas ao estudo literario, que se centran no Grupo Nós e na obra de dous dos autores máis significativos: Vicente Risco e Otero Pedrayo. Á parte de espertar no alumnado o interese polo noso patrimonio cultural, trátase de axudarlles a desenvolver o pensamento crítico e a argumentar as opinións persoais; para iso, ofrécenselles unhas pautas no «Obradoiro de expresión».

En canto ao aspecto estritamente lingüístico, a presente unidade continúa a explicación do sistema fonolóxico do galego que se iniciara na anterior; esta vez, aborda o consonantismo. Fonéticos son algúns dos trazos que distinguen unhas zonas dialectais doutras, como se verá en «Lingua e sociedade», que se ocupa das variedades diatópicas. O espazo destinado ao repaso de contidos de cursos previos volve sobre o xénero dos nomes e adxectivos, que se practica por medio de abundantes exercicios e co apoio da información que achega o «Apéndice».

Para rematar, ofrécese un texto que retoma o campo semántico do tempo e revisa o estudado a través de actividades de aplicación.

Os contidos organízanse en diferentes seccións, de acordo cunha estrutura como esta:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO do relato «Sobre a morte do Bieito» (Rafael Dieste: *Dos arquivos do trasno*, Ed. Galaxia). O narrador e o punto de vista.
- **Lingua:** VOCABULARIO: O tempo cronolóxico. REPASO DE MORFOLOXÍA: O xénero. ESTUDO DA LINGUA: Fonética (2). Consonantismo. LINGUA E SOCIEDADE: Variedades da lingua. Variedades xeográficas.
- **Literatura:** O Grupo Nós. ANTOLOXÍA: Textos de Vicente Risco e Otero Pedrayo. COMENTARIO DE TEXTO: «O fidalgo», tomado d' *O fidalgo e outras narracións*, de Otero Pedrayo. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O comentario crítico.

Péchase a unidade cunha dobre páxina (APLICA O QUE SABES), que lles permitirá aos alumnos e alumnas autoavaliar o que aprenderon. En conxunto, preténdese que adquiran os seguintes coñecementos:

- Que tipos de narradores hai e en que se diferencian.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras conforman o campo semántico do tempo cronolóxico.
- Cales son os fonemas consonánticos do galego e que trazos os definen.
- Que son as variedades xeográficas da lingua e que trazos identifican cada bloque dialectal.
- Cales foron as principais achegas do Grupo Nós á cultura galega e quen foron os seus principais representantes.
- Cales son as principais características e os títulos máis importantes da obra de Vicente Risco e Otero Pedrayo.

- Como se elabora un comentario crítico.

Temporalización:

Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos narrativos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co tempo cronolóxico.
- Identificar o xénero dos nomes, formar o feminino e establecer a correcta concordancia co adxectivo.
- Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego, con especial atención ás consoantes.
- Coñecer as variedades internas da lingua e identificar os trazos que diferencian as distintas zonas dialectais.
- Coñecer e valorar as achegas do Grupo Nós e dos seus principais representantes á cultura galega e, en concreto, ao ámbito literario.
- Elaborar o comentario crítico dun texto seguindo uns pasos dados.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL, CD
B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B2.1. Comprensión, interpretación e análise dun texto narrativo.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo, o guión de traballo, as táboas...	CCL, CAA
		LGB2.1.2. Aplica os coñecementos léxicos propios e recursos alleos (diccionario) para solucionar problemas de comprensión.	
		LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	

B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar información obtida na Rede.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede.	CCL, CD, CAA
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico referido ao tempo cronolóxico, suficientemente amplo e preciso, co apoio do dicionario.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso, de diferentes categorías gramaticais, sobre o tempo cronolóxico.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais, sobre o tempo cronolóxico.	CCL, CAA
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL, CD
B3.6. Aplicación e valoración das normas morfolóxicas da lingua galega.	B3.6. Aplicar correctamente as normas morfolóxicas da lingua galega referidas ao correcto uso do xénero.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas morfolóxicas de formación do feminino e de concordancia de xénero.	CCL, CAA
B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego: consonantismo.	B3.4. Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego, con especial atención ás consoantes.	LGB3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención ás consoantes e, en concreto, ao n velar.	CCL, CAA
B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona.	B4.7. Coñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	CCL, CSC
		LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural.	

B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta, como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.	B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta, como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.	LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas.	CCL
B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente a relevancia do Grupo Nós no panorama literario galego e sinala os principais trazos característicos da obra de Risco e Otero Pedrayo.	CCL, CCEC
B5.3. Lecturas comprensivas e expresivas de textos narrativos representativos de autores do Grupo Nós.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos representativos de autores do Grupo Nós.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos de Vicente Risco e Otero Pedrayo.	CCL, CCEC
B5.2. Lectura autónoma e comentario de obras representativas de autores do Grupo Nós.	B5.2. Ler autonomamente e comentar obras representativas de autores do Grupo Nós.	LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de autores do Grupo Nós, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época.	CCL, CCEC, CAA
		LGLB5.2.3. Comenta de forma guiada textos narrativos de Vicente Risco e Otero Pedrayo.	
B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL, CCEC, CAA

B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso.	CCL, CAA
		LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	
B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.2. Crea un texto argumentativo propio a partir dunhas viñetas dadas.	CCL, CAA
B5.6. Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula, co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL, CCEC, CSIEE
		LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	

#

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	<ul style="list-style-type: none"> - escoita atenta do texto que abre a unidade do LA e mais da lectura inicial. - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA. - escoita dos textos 1, 2 e 3 da actividade 5 do apartado «Lingua e sociedade» do LA.
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA. - Actividades de expresión oral do «Comentario da lectura» do LA.
LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo, o guión de traballo, as táboas...	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 4 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade do «Obradoiro de expresión». - Actividade 9 do «Comentario de texto» do LA. - Actividades 1 e 3 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade de resumo na «Lectura complementaria».
LGB2.1.2. Aplica os coñecementos léxicos propios e recursos alleos (dicionario) para solucionar problemas de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 1 do «Comentario de texto» do LA.
LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura e actividades do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 5 do apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividade do «Obradoiro de expresión». - «Lectura complementaria» e actividades sobre ela.
LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede.	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta das páxinas que se suxiren no recadro «Podes coñecer?» (apertura da unidade do LA) e nos recadros «Na Web...» do apartado «Lingua e sociedade». - Visualización da curtametraxe que se suxire na lectura da unidade do LA. - Consulta das páxinas web que se propoñen para resolver as actividades dos distintos apartados do LA.

<p>LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais, sobre o tempo cronolóxico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Vocabulario» do LA. - Actividades 2 e 4 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do «Tratamento da diversidade». - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividades do apartado «Vocabulario» do LA. - Consulta do apéndice do 1.º trimestre do LA para realizar as actividades do apartado «Repaso de morfoloxía».
<p>LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas morfolóxicas de formación do feminino e de concordancia de xénero.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Repaso de morfoloxía» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do TD. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención ás consoantes e, en concreto, ao <i>n</i> velar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade 5 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividades da ficha de traballo 1 do TD de definir e identificar fonemas. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividades da ficha de traballo 1 do TD de identificar fenómenos dialectais e identificar as zonas de onde son característicos. - Actividades da ficha de traballo 2 do TD. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Ficha de traballo 2 do TD.
<p>LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividades 6 e 7 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
<p>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente a relevancia do Grupo Nós no panorama literario galego e sinala os principais trazos característicos da obra de Risco e Otero Pedrayo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Literatura» do LA. - «Lectura complementaria». - Actividades da ficha de traballo 1 do TD sobre un texto de Vicente Risco. - Actividades interactivas dos RD.

LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos de Vicente Risco e Otero Pedrayo.	- Apartados «Antoloxía» e «Comentario de texto» do LA.
LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de autores do Grupo Nós, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época.	- Lectura dos textos dos apartados «Antoloxía» e «Comentario de texto».
LGLB5.2.3. Comenta de forma guiada textos narrativos de Vicente Risco e Otero Pedrayo.	- Actividades sobre os textos do apartado «Antoloxía» do LA. - Actividades do «Comentario de texto» do LA.
B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	- Texto 3 e actividades sobre el no apartado «Antoloxía» do LA.
LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGB2.13.2. Crea un texto argumentativo propio a partir dunhas viñetas dadas.	- Apartado «Obradoiro de literatura» do LA.
LGLB5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	- Actividade de expresión escrita do «Comentario da lectura» do LA.
LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Valora a riqueza do noso patrimonio natural e toma conciencia da importancia de protexelo e conservalo.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expressar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Opina acerca de temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
Tarefa 2: Lemos e escoitamos o texto que se ofrece como lectura da unidade e aclaramos posibles dúbidas de comprensión.

- Observamos os anuncios e suxerimos unha tormenta de ideas acerca de que nos suxiren, da súa estética, da mensaxe dos slogans, etc.
- Explicamos as características dos textos publicitarios.
- Realizamos as actividades do comentario, tendo en conta a información que achega o apartado «Análise de textos».
- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD e identificamos as ideas previas.
- Realizamos as actividades do comentario da lectura do LA.

Tarefa 3: Ampliamos e aplicamos o léxico relacionado co ocio.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos as actividades interactivas dos RD.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD de usar o vocabulario relacionado co ocio.

Tarefa 4: Practicamos o uso de palabras rematadas en *-nte/-mento*; *-za/-cia*, *-zo/-cio* e *-zón/-ción*.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 5: Diferenciamos as clases de oracións subordinadas e centrámonos na análise e clasificación das subordinadas substantivas.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Observamos atentamente e practicamos a análise sintáctica en árbore e en caixas.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos as actividades da ficha de traballo 1 do TD de distinguir, analizar e clasificar oracións subordinadas substantivas.
- Realizamos as actividades interactivas dos RD.

Tarefa 6: Explicamos que son os prexuízos lingüísticos, cal é a súa orixe e cal e como se manifestan na sociedade galega.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a ficha de traballo 2 do TD.

Tarefa 7: Coñecemos as xeracións poéticas de posguerra, así como os seus autores e obras máis representativos.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- escoitamos, lemos e analizamos o poema de Celso Emilio elixido para o seu comentario.
- Lemos os textos que recolle a «Antoloxía» e escoitamos na Rede algúns deles.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre o poema «Moi lonxe», de Celso Emilio Ferreiro.
- Lemos a LC e realizamos as actividades sobre ela.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 8: Aprendemos a facer folletos, dípticos e trípticos.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente os pasos e indicacións que dá o LA para a súa creación.
- Realizamos as actividades do LA.

Tarefa 9: Avaliamos o aprendido.

- Aplicamos o estudado na unidade mediante as actividades que propón o LA acerca dun texto xornalístico de opinión.
- Utilizamos as TIC para resolver actividades.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto «Percebeiros», do texto que se propón como lectura da unidade e do poema de Celso Emilio proposto para o «Comentario de texto», co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; empregar o dicionario e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.

- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, ampliar ou complementar a información do libro, realizar creacións propias, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Fomento da aprendizaxe activa, do traballo colaborativo e da expresión oral.
- Exposición das campañas publicitarias creadas no apartado «Comentario da lectura».
- Desenvolvemento do pensamento crítico necesario para interpretar as mensaxes publicitarias con criterio propio, a través da reflexión, o debate e a análise.
- Repaso trimestral.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Textos locutados: o da dobre páxina inicial e mais o texto que se achega como lectura da unidade.
- Fichas de traballo para o tratamento da diversidade, lectura complementaria para traballar a comprensión lectora, material para o desenvolvemento das competencias, plan lector.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Enlaces web:

<http://anayaeducacion.es>

<http://www.anayaeducacion.es/usuario/auladigital.php>

páxinas que se suxiren no libro do alumno e na PD

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Unidade 9

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Festival de Cans

Descrición da unidade

A 9 é unha unidade moi cinematográfica. Ábrese cunha dobre páxina sobre o Festival de Cans e péchase cunha crítica da película *A praia dos afogados*.

Como lectura escolleuse un fragmento do guión do filme, amplamente ilustrado co cartel e fotografías da rodaxe. O texto trabállase mediante as actividades propostas para o seu comentario e co apoio da información teórica que achega o apartado de análise textual.

A batería de exercicios que proporciona a continuación o «Vocabulario» servirá para enriquecer o léxico que conforma o campo semántico do cine.

O estudo da gramática comeza repasando o infinitivo conxugado, e faíno a través da práctica. Ante posibles dúbidas, pode consultarse o Apéndice deste terceiro trimestre. Polo que se refire á sintaxe, continúa a análise das oracións subordinadas; neste caso, das adxectivas.

A sección «Lingua e sociedade» céntrase en describir e analizar a situación sociolingüística do galego na actualidade, atendendo á presenza do idioma nos principais ámbitos, á súa tendencia de evolución e á competencia de uso por parte dos falantes.

A «Literatura» enlaza coa da unidade anterior, para completar o panorama poético de posguerra. Aquí explícanse as características que comparten os autores da chamada Xeración das Festas Minervais e faise un breve percorrido pola obra dalgúns dos poetas máis significativos. Á fin do camiño resérvase un espazo para o teatro das décadas cincuenta, sesenta e setenta do século pasado.

Poesía hai tamén no «Obradoiro de expresión», dedicado aos haikus. Tras unha sinxela exposición dos seus trazos máis singulares, ofrécense varios exemplos para logo compoñer creacións propias.

Os contidos organízanse de acordo cunha estrutura como esta:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO dun fragmento tomado do guión d'*A praia dos afogados*. O guión cinematográfico.
- **Lingua:** VOCABULARIO: O cine. REPASO DE MORFOLOXÍA: Uso do infinitivo conxugado. ESTUDO DA LINGUA: As oracións subordinadas adxectivas. LINGUA E SOCIEDADE: A lingua galega hoxe.
- **Literatura:** A poesía de posguerra (2). ANTOLOXÍA: Textos representativos da poesía da Xeración das Festas Minervais. COMENTARIO DE TEXTO: «Terras outas e solas», tomado d'*Os eidos. Libro do Courel*, de Uxío Novoneyra. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: Haikus.

Para rematar, como é habitual, ofrécese unha dobre páxina de autoavaliación da aprendizaxe, en clave competencial: APLICA O QUE SABES. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Que características definen o guión cinematográfico.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras conforman o campo semántico do cine.
- Que función desempeñan as oracións subordinadas adxectivas, como se analizan e que clases hai.
- En que estado se encontra a lingua galega hoxe, no referente ao seu uso e á competencia dos falantes.
- Quen foron os principais poetas da Xeración das Festas Minervais e cales foron as súas obras máis destacadas.
- Que características definen os haikus e como se fan.

Temporalización

Marzo: .bril:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar un guión cinematográfico.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co cine.
- Utilizar correctamente o infinitivo conxugado.
- Identificar e analizar oracións subordinadas adxectivas.
- Coñecer o estado do galego na actualidade, no referente ao seu uso e á competencia dos falantes.
- Coñecer e valorar algúns poetas representativos da Xeración das Festas Minervais, así como algunhas das súas obras máis destacadas.
- Crear haikus seguindo uns modelos dados e tendo en conta as características que os definen.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	CCL, CD
B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.	B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.	LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL, CSIEE
B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	CCL, CAA
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar información obtida na Rede.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede.	CCL, CD, CAA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.	CCL, CAA
B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.	B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais da lingua galega.	CCL
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL
B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración.	B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.	LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	CCL
		LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	
		LGB3.8.4. Clasifica oracións.	
		LGB3.8.5. Utiliza a terminoloxía sintáctica correcta.	
B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. Presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados, así como ás tendencias de evolución.	LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	CCL, CSC
		LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos	

		sociolingüísticos.	
		LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	CCL, CSC, CD
		LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.	CCL, CSC
B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL, CAA
B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica as xeracións poéticas de posguerra, así como os seus autores e obras máis representativos, e coñece o desenvolvemento do teatro entre os anos cincuenta e setenta.	CCL, CCEC
B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas e audicións de textos poéticos da literatura de posguerra.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de textos poéticos da literatura de posguerra.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos poéticos de autores da Xeración das Festas Minervais.	CCL, CD
		LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición de poemas de poetas da Xeración das Festas Minervais.	
B5.2. Lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.2. Ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e	LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de autores da Xeración das Festas Minervais e sinala os seus trazos característicos	CCL, CCEC, CAA

	sociolingüístico de cada período.	definitorios.	
		LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos poéticos de autores da Xeración das Festas Minervais e sinala os seus trazos característicos.	
		LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período atendendo aos seus principais contidos.	
B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula con fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB.5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL, CCEC
B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	LGB2.10.2. Usa as TIC para mellorar a presentación dos seus traballos educativos.	CCL, CD
B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión.	B2.5. Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión.	LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL
B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.	CCL

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	<ul style="list-style-type: none"> - escoita atenta do texto que abre a unidade do LA e mais do fragmento do guión cinematográfico elixido como lectura inicial. - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA.
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA.
LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de expresión oral do «Comentario da lectura» do LA.
LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 1, 2, 4, 5, 6 e 8 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividades 3, 4 e 5 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividades de comentario sobre o fragmento do guión d'A lingua das bolboretas que se inclúe nos RD.
LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede.	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta da páxina que se suxire no recadro «Podes coñecer?» (apertura da unidade do LA) e nos recadros «Na Web...» do LA. - Actividade 9 do apartado «Comentario da lectura» do LA. - Visualización dos vídeos que se propoñen na actividade 4 do apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Consulta das páxinas web que se indican nas actividades 8 e 9 do apartado «Comentario de texto» do LA.

<p>LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Vocabulario» do LA. - Actividade 1 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade de léxico da ficha de traballo 1 do TD. - Actividade interactiva dos RD.
<p>LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais da lingua galega.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade interactiva dos RD.
<p>LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta do apéndice do 3.º trimestre do LA para resolver as actividades do apartado «Repaso de morfoloxía».
<p>LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Correcta interpretación da análise sintáctica do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Correcta interpretación da análise sintáctica do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividades do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade 6 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividade de sintaxe da ficha de traballo 1 do TD. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB3.8.4. Clasifica oracións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de sintaxe da ficha de traballo 1 do TD. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB3.8.5. Utiliza a terminoloxía sintáctica correcta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade 6 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividades de sintaxe da ficha de traballo 1 do TD. - Actividades interactivas dos RD.
<p>LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre o

LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	futuro do galego.
LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	
LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.	
LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	- Actividade 3 do apartado «Lingua e sociedade» do LA.
LGLB5.1.1. Identifica as xeracións poéticas de posguerra, así como os seus autores e obras máis representativos, e coñece o desenvolvemento do teatro entre os anos cincuenta e setenta.	- Apartado de «Literatura» do LA. - Actividade interactiva dos RD.
LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos poéticos de autores da Xeración das Festas Minervais.	- Apartados «Antoloxía» e «Comentario de texto» do LA. - LC. - Ficha de traballo 2 do TD.
LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición de poemas de poetas da Xeración das Festas Minervais.	- Audición na Rede do poema «Bando», de Manuel María (no apartado «Antoloxía» do LA). - Audición do poema «Terras outas e solas», de Novoneyra (no apartado «Comentario de texto»).
LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de autores da Xeración das Festas Minervais e sinala os seus trazos característicos definitorios.	- Lectura dos textos dos apartados «Antoloxía» e «Comentario de texto».
LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos poéticos de autores da Xeración das Festas Minervais e sinala os seus trazos característicos.	- Actividades do «Comentario de texto». - Actividades da LC.
LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período atendendo aos seus principais contidos.	- Comparación dos poemas de Manuel María que se inclúen no apartado «Antoloxía».
LGLB.5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	- Actividades 1 e 2 do apartado «Obradoiro de expresión» do LA.
LGB2.10.2. Usa as TIC para mellorar a presentación dos seus traballos educativos.	- Actividade 2 do apartado «Obradoiro de expresión» do LA.

LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	- Actividade 2 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.	- Actividade 7 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Participa activamente en debates sobre temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Crea haikus a partir duns versos e dunhas imaxes dados.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra consensuadas na clase á hora de participar en actividades de carácter oral.
	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.	Fai unha lectura escénica dun guión cinematográfico.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (Internet, apéndice do libro...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información no apéndice do libro e en diferentes páxinas de Internet para resolver actividades e ampliar coñecementos.

	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Entende o cine como un medio de comunicación cunha finalidade artística.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.	Valora o texto literario como expresión da nosa cultura, así como os autores que contribuíron ao seu desenvolvemento.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Comunica sentimentos e emocións mediante a creación de haikus.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Entende a literatura como unha forma de expresión artística.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	É consciente da responsabilidade de cada falante de cara á normalización do galego e adopta unha postura activa ao respecto.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Desenvolve a súa creatividade mediante a composición de haikus.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Escoita opinións alleas, desenvolve un pensamento propio e expresa a súa propia opinión. Ten en conta e aplica as pautas e os modelos que achega o libro para aplicalos nos seus traballos.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Practica a análise sintáctica e observa gráficos con atención para unha mellor comprensión e asimilación dos contidos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Reflexiona e organiza o seu traballo de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Tarefa 1: Observamos a imaxe da dobre páxina inicial e escoitamos o texto «Festival de Cans».

- Comentamos a foto en gran grupo, coas achegas de todos os alumnos e alumnas: vivencias, opinións, curiosidades...
- Escoitamos o texto e aclaramos posibles dúbidas.
- Respondemos as preguntas do recadro «Escoita ou le e contesta» do LA.
- Consultamos as páxinas web que se suxiren no recadro «Podes coñecer?».

Tarefa 2: Lemos e escoitamos o fragmento do guiión d'*A praia dos afogados* que se ofrece como lectura da unidade e aclaramos posibles dúbidas de comprensión.

- Explicamos as características dos guiións cinematográficos.
- Realizamos as actividades do comentario, tendo en conta a información que achega o apartado «Análise de textos».
- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD e identificamos as ideas previas.
- Realizamos as actividades complementarias dos RD.

Tarefa 3: Ampliamos e aplicamos o léxico relacionado co cine.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD de usar o vocabulario relacionado co cine.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 4: Repasamos e practicamos a morfoloxía verbal.

- Lembramos o uso do infinitivo conxugado.
- Consultamos as súas formas no apéndice deste terceiro trimestre no LA.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 5: Identificamos, analizamos e clasificamos oracións subordinadas adxectivas.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Observamos atentamente e practicamos a análise sintáctica en árbore e en caixas.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos as actividades da ficha de traballo 1 do TD sobre as oracións subordinadas adxectivas.
- Realizamos as actividades interactivas dos RD.

Tarefa 6: Analizamos o estado do galego actual, no que se refire ao seu uso e á competencia lingüística dos falantes.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Observamos e comentamos os gráficos.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre o futuro do galego.

Tarefa 7: Coñecemos algúns poetas e obras representativos da Xeración das Festas Minervais, así como o desenvolvemento do teatro entre os anos cincuenta e setenta do século pasado.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Lemos os textos que recolle a «Antoloxía» e escoitamos na Rede o poema «Bando» (de Manuel María).
- Escoitamos, lemos e analizamos o poema de Uxío Novoneyra elixido para o seu comentario.
- Consultamos as páxinas web que se indican nas actividades do «Comentario de texto» para coñecer mellor a obra de Novoneyra.
- Lemos o texto da ficha de traballo 2 do TD e realizamos as actividades que se propoñen.
- Lemos a LC e realizamos as actividades sobre ela.
- Realizamos a actividade interactiva dos RD.

Tarefa 8: Coñecemos as características que definen os haikus e creámoslos a partir dunhas pautas dadas.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Elaboramos haikus tendo en conta as súas características e as pautas que se achegan para a súa creación.

Tarefa 9: Avaliamos o aprendido.

- Aplicamos o estudado na unidade mediante as actividades que propón o LA acerca dun texto xornalístico de opinión.
- Utilizamos as TIC para resolver actividades.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregáranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto «Festival de Cans», do guión que se propón como lectura da unidade e dos poemas de Manuel María (na «Antoloxía») e Novoneyra (no «Comentario de texto»), co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; empregar o dicionario e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.

- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Fomento da aprendizaxe activa, do traballo colaborativo e da expresión oral.
- Realización de actividades que favorezan a desinhibición necesaria para ler textos de forma dramatizada e acompañar a lectura coa linguaxe corporal.
- Recompilación de conclusións sobre o debate proposto na clase en torno ao descenso no uso da lingua galega entre a mocidade. Propostas de solución.
- Proposta de lectura trimestral, escollendo entre os títulos que recolle o plan lector.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Textos locutados: o da dobre páxina inicial, o fragmento do guión d'*A praia dos afogados* que se achega como lectura da unidade, e o poema de Novoneyra «Terras outas e solas» (no «Comentario de texto»).
- Fichas de traballo para o tratamento da diversidade, lectura complementaria para traballar a comprensión lectora, material para o desenvolvemento das competencias, plan lector.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

- Enlaces web:

<http://anayaeducacion.es>

<http://www.anayaeducacion.es/usuario/auladigital.php>

páxinas que se suxiren no libro do alumno e na PD

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Unidade 10

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Culturgal

Descrición da unidade

Pasamos do cine, que vertebra a unidade 9, a outros medios de comunicación; así, a televisión, a radio e a prensa dixital gozan dunha importante presenza nesta unidade 10.

Ábrese cunha dobre páxina sobre Culturgal, unha feira para promover a oferta cultural galega en galego, que inclúe a produción audiovisual.

Tras esta presentación, achégase un fragmento do guión de *Luci*, comedia de situación emitida pola TVG. A continuación, propónse unha serie de actividades sobre a lectura, que ademais se pode analizar en paralelo co guión d'*A praia dos afogados*, buscando semellanzas e diferenzas.

En relación co eixe temático da unidade, no apartado de «Vocabulario» trabállase o léxico da radio e a televisión, mediante exercicios de identificación, uso e formación de palabras.

En canto á gramática, continúa co estudo do verbo (en concreto, das perífrases verbais) e das oracións subordinadas (neste caso, as adverbais).

Na sección «Lingua e sociedade» retómanse os medios de comunicación, para centrarse na difusión da lingua a través deles.

Unha vez terminado o percorrido pola produción literaria do século XX, explícanse brevemente os cambios que supuxo a chegada da democracia no panorama cultural galego. E noméanse algúns dos principais narradores das novas xeracións. Despois, na «Antoloxía», recóllense exemplos de tres autores actuais (Agustín Fernández Paz, Suso de Toro e Leticia Costas) e, para o «Comentario de texto», escolleuse un fragmento d'*O lapis do carpinteiro* (de Manuel Rivas).

Para rematar, unha dobre oferta audiovisual: a do «Obradoiro de expresión», que propón crear unha curtametraxe; e a das páxinas de autoavaliación («Aplica o que sabes»), onde tamén hai espazo para a creatividade en clave cinematográfica.

Os contidos organízanse de acordo cunha estrutura como esta:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO dun fragmento tomado do guión de *Luci*. A televisión.
- **Lingua:** VOCABULARIO: A radio e a televisión. REPASO DE MORFOLOXÍA: As perífrases verbais. ESTUDO DA LINGUA: As oracións subordinadas adverbais. LINGUA E SOCIEDADE: O galego nos medios. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O guión audiovisual.
- **Literatura:** A narrativa actual. ANTOLOXÍA: Textos de narradores contemporáneos. COMENTARIO DE TEXTO: Fragmento tomado d'*O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas.

En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Cales son os xéneros televisivos e que características definen as series.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras conforman o campo semántico da radio e a televisión.
- Que función desempeñan as oracións subordinadas adverbais, como se analizan e que clases hai.
- Como foi aumentando a presenza do galego nos medios de comunicación desde a publicación d'*O Tío Marcos da Portela* (1876).
- Cales son os principais autores e temas da narrativa actual.

- Como se fai unha curtametraxe.

Temporalización:

Abril: Maio:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar un guión televisivo.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coa radio e a televisión.
- Identificar e utilizar correctamente as perífrases verbais.
- Recoñecer e analizar oracións subordinadas adverbiais.
- Valorar a importancia dos medios de comunicación na normalización da lingua.
- Coñecer e valorar algúns autores e autoras da narrativa actual, así como analizar textos representativos.
- Crear unha curtametraxe a partir dun guión e seguindo unhas pautas dadas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	CCL, CD
B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL, CAA
B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido: resumos e cadros.	CCL, CAA
		LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
		LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as TIC para obter información	B2.8. Usar e seleccionar información obtida na Rede.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na	CCL, CD, CAA

complementaria.		Rede.	
B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo.	B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo.	LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	CCL
		LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en secuencias.	
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.	CCL, CAA
B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia.	LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	CCL
		LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	CCL, CAA
		LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega de prefixos habituais no uso da lingua galega.	CCL
B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.	B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL

<p>B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa.</p>	<p>B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.</p>	<p>LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.</p>	<p>CCL</p>
<p>B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración.</p>	<p>B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.</p>	<p>LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.</p> <p>LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.</p> <p>LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.</p> <p>LGB3.8.4. Clasifica oracións.</p> <p>LGB3.8.5. Utiliza a terminoloxía sintáctica correcta.</p>	<p>CCL</p>
<p>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</p>	<p>B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</p>	<p>LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.</p>	<p>CCL, CSC</p>

B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os autores e autoras máis representativos do panorama narrativo actual.	CCL, CCEC
Tarefa 8: Coñecemos os diferentes elementos dunha presentación multimedia e creamos unha en grupo.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Coñecemos aplicacións dixitais para crear presentacións multimedia.
- Creamos unha presentación multimedia en grupo, seguindo unhas pautas dadas.

Tarefa 9: Avaliamos o aprendido.

- Autoavaliamos a aprendizaxe mediante as actividades que propón o LA acerca dun texto xornalístico.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregáranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto «Tecnópole», da lectura da unidade e do poema «Camiñan descalzas polas rochas», co obxectivo de mellorar a comprensión oral de textos literarios e non literarios.
- Práctica habitual do debate para desenvolver a expresión oral, a capacidade de diálogo, o respecto polas opinións alleas, a convivencia harmónica, etc.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; empregar o dicionario e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar presentacións dixitais, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.

- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Práctica do recitado de poemas e da lectura dramatizada de textos teatrais.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Textos locutados: o da dobre páxina inicial, o da lectura e o poema de Ana Román («Camiñan descalzas sobre as rochas»), no apartado «Comentario de texto».
- Fichas de traballo para o tratamento da diversidade, lectura complementaria para traballar a comprensión lectora, material para o desenvolvemento das competencias, plan lector.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

- Enlaces web:

<http://anayaeducacion.es>

<http://www.anayaeducacion.es/usuario/auladigital.php>

páxinas que se suxiren no libro do alumno e na PD

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevezo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?

- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Unidade 12

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Devesa da Rogueira

Descrición da unidade

A unidade 12 continúa «en rede»: desde a lectura inicial, sobre as mensaxes de Twitter, ata os libros electrónicos, dos que se fala no último apartado («Aplica o que sabes»).

A «Análise de textos» céntrase nas redes sociais, un mundo ben coñecido polo alumnado, sobre o que se advirten tanto as súas vantaxes coma os seus perigos. E sen saír deste ámbito, o «Vocabulario» traballa o léxico que lle é propio.

A continuación, faise un repaso das regras ortográficas referidas ao uso dalgúns grupos consonánticos, e o «Estudo da lingua» ocúpase de novo do plano do significado para abordar as causas e os tipos de cambios semánticos.

En «Lingua e sociedade» achéganse datos acerca do uso do galego en diferentes sectores sociais e analízanse distintas iniciativas que contribúen á normalización da lingua.

A «Literatura» deste último capítulo tamén se escribe en clave dixital e presenta a nova maneira de entender a obra literaria que supón o uso das tecnoloxías da información.

A Rede, certos programas informáticos e unha cámara son as ferramentas necesarias para elaborar unha telenovela, a proposta que recolle nesta ocasión o «Obradoiro de expresión».

Os contidos organízanse de acordo cunha estrutura como esta:

- **Análise de textos:** LECTURA e COMENTARIO dun texto periodístico: «Por que nos queixamos tanto en Twitter?». As redes sociais.
- **Lingua:** VOCABULARIO: En rede. REPASO DE ORTOGRAFÍA: Grupos consonánticos. ESTUDO DA LINGUA: Cambios semánticos. LINGUA E SOCIEDADE: O galego en distintos ámbitos.
- **Literatura:** Literatura dixital. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: A fotonovela.

Como sempre, para rematar ofrécese unha dobre páxina de autoavaliación da aprendizaxe, en clave competencial: APLICA O QUE SABES. En conxunto, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Que son as redes sociais e como cambiaron o mundo da comunicación.
- Como se fai un comentario de texto, seguindo unhas pautas dadas.
- Que palabras conforman o campo semántico das redes sociais.
- Cales son as causas principais dos cambios semánticos, que tipos hai e que recursos adoitan empregarse.
- Cal é a presenza do galego nos distintos ámbitos sociais.
- Que novas modalidades expresivas e que novos soportes achega a literatura dixital.
- Como se fai unha telenovela.

Temporalización:

Xuño:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos literarios e non literarios.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas redes sociais.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos *-cc-* e *-ct-*.
- Recoñecer as causas dos cambios semánticos, distinguir os diferentes tipos de cambios semánticos e identificar os principais recursos empregados.
- Analizar o uso do galego en diferentes ámbitos sociais.
- Coñecer e valorar os novos modos de creación literaria que achega a tecnoloxía dixital.
- Crear unha telenovela seguindo unhas pautas dadas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	CCL, CD
B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL, CAA
B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo.	CCL, CAA
		LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	
		LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
		LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	

B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado.	CCL
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.	CCL, CAA
B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión.	B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión doutras.	CCL, CAA
B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.6. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas da lingua galega.	CCL, CAA
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL
B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.	B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL
B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos sociais e privados.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e	LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	CCL, CSC

Tendencias de evolución.	contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.	LGB4.2.3. Analiza gráficas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	CCL, CSC, CD
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.	CCL, CD
B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica creadores e creadoras de literatura en soporte dixital.	CCL, CD, CCEC
B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos poéticos e teatrais representativos da literatura galega actual.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos poéticos e teatrais da literatura galega actual.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos de distintos xéneros da literatura galega actual en soporte dixital.	CCL, CD
		LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición e visualización de creacións literarias en soporte dixital.	
B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	LGLB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos.	CCL, CD, CAA

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	<ul style="list-style-type: none"> - escoita atenta do texto que abre a unidade do LA e mais do artigo periodístico elixido como lectura inicial. - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA.
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do recadro «Escoita ou le e contesta», no LA.
LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de expresión oral do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 7 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 3 e 4 9 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 8 do «Comentario da lectura» do LA.
LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 3, 4 e 5 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 2 do apartado «Aplica o que sabes» do LA. - Actividades da LC.
LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpórasas ao seu discurso.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 «Comentario da lectura». - Actividade 1 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 11 do apartado «Comentario da lectura» do LA. - Actividade 9 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 2 do «Comentario da lectura» do LA. - Actividades 3 e 4 do apartado «Vocabulario» do LA. - Actividades 1 a 5 do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre o léxico referido ás redes sociais. - Actividades sobre os cambios semánticos da ficha de traballo 1 do TD. - Actividades interactivas dos RD.

B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión doutras.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 1 e 2 do apartado «Vocabulario» do LA. - Actividade 6 do apartado «Estudo da lingua» do LA. - Actividade 5 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades do apartado «Repaso de ortografía» do LA. - Actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre os grupos consonánticos. - Actividades interactivas dos RD.
LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta na Rede do <i>Portal das palabras</i>.
LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 6 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.
LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 5 do apartado «Lingua e sociedade» do LA. - Actividades sobre o uso normalizado do galego na ficha de traballo 1 do TD.
LGB4.2.3. Analiza gráficas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 1 do apartado «Lingua e sociedade» do LA.
LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta das páxinas que se suxiren no recadro «Podes coñecer?» (apertura da unidade do LA) e nos recadros «Na Web...» do LA. - Actividades 2, 3 e 4 do apartado «Lingua e sociedade» do LA.
LGLB5.1.1. Identifica creadores e creadoras de literatura en soporte dixital.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 3 e 5 do apartado «Literatura» do LA. - Ficha de traballo 2 do TD.
LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos de distintos xéneros da literatura galega actual en soporte dixital.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades 1 e 2 do apartado «Literatura» do LA.
LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición e visualización de creacións literarias en soporte dixital.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade 4 do apartado «Literatura» do LA.
LGLB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade do apartado «Obradoiro de expresión» do LA. - Actividade 8 do apartado «Aplica o que sabes» do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Participa activamente en debates sobre temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Crea unha fotonovela.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra consensuadas na clase á hora de participar en actividades de carácter oral.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes páxinas de Internet para resolver actividades e ampliar coñecementos.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Interpreta artigos de opinión con sentido crítico.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza os recursos de audio que achega o libro para mellorar a comprensión e a expresión oral. Mostra interese por coñecer distintos recursos dixitais para crear novas formas de expresión literaria.
	Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.	É consciente da importancia de adoptar as precaucións necesarias para facer un uso responsable das redes sociais.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.	Valora o texto literario como expresión da nosa cultura, así como os autores que contribúen ao seu desenvolvemento.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Entende a literatura como unha forma de expresión artística.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Crea unha fotonovela combinando adecuadamente a linguaxe verbal e a visual.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa activamente nos debates propostos na clase e nos traballos de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con atención as opinións dos demais e respéctaa.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Desenvolve a súa creatividade na redacción de textos ou nos traballos en grupo aplicando as súas destrezas e coñecementos aprendidos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Escoita opinións alleas, desenvolve un pensamento propio e expresa a súa propia opinión. Ten en conta e aplica as pautas e os modelos que achega o libro para aplicalos nos seus traballos.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Fai esquemas e resumos para unha mellor comprensión e asimilación dos contidos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Reflexiona e organiza o seu traballo de acordo cunhas pautas e uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Tratamento da diversidade (TD) / Lecturas complementarias (LC) / Recursos dixitais (RD)

Tarefa 1: Observamos a imaxe da dobre páxina inicial e escoitamos o texto «Devesa da Rogueira».

- Comentamos a foto en gran grupo, coas achegas de todos os alumnos e alumnas: vivencias, opinións, curiosidades...
- Escoitamos o texto e aclaramos posibles dúbidas.
- Respondemos as preguntas do recadro «Escoita ou le e contesta» do LA.
- Consultamos as páxinas web que se suxiren no recadro «Podes coñecer?».

Tarefa 2: Lemos e escoitamos o artigo periodístico que se ofrece como lectura da unidade e aclaramos posibles dúbidas de comprensión.

- Falamos do crecemento de Internet desde a súa creación en 1969.
- Realizamos as actividades do comentario, tendo en conta a información que achega o apartado «Análise de textos».
- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD e identificamos as ideas previas.
- Lemos a LC e realizamos as actividades.

Tarefa 3: Ampliamos e aplicamos o léxico relacionado coas redes sociais.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre o vocabulario referido ás redes sociais.
- Realizamos as actividades interactivas dos RD para traballar o léxico.

Tarefa 4: Repasamos e practicamos o uso dalgúns grupos consonánticos, especialmente -cc- e -ct-.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD.
- Realizamos as actividades interactivas dos RD.

Tarefa 5: Analizamos as causas dos cambios semánticos, identificamos diferentes tipos e coñecemos distintos recursos empregados para producir eses cambios.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Realizamos as actividades do LA sobre os cambios semánticos.
- Realizamos as actividades interactivas dos RD sobre os cambios semánticos.

Tarefa 6: Analizamos o uso do galego en diferentes ámbitos sociais.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Observamos e comentamos o gráfico coas porcentaxes de uso do galego.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos as actividades da ficha de traballo 1 do TD sobre o uso do galego en distintos ámbitos da sociedade.

Tarefa 7: Coñecemos as novas formas de expresión que achega a literatura dixital, así como algúns creadores/-as e a súa obra.

- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Realizamos as actividades do apartado «Literatura» do LA.
- Realizamos a actividade da ficha de traballo 1 do TD sobre os neoloxismos relacionados coa literatura dixital.
- Lemos o texto da ficha de traballo 2 do TD e realizamos as actividades que se propoñen sobre el.

Tarefa 8: Creamos unha fotonovela en grupo, atendendo aos pasos que cómpre seguir.

- Temos en conta as suxestións metodolóxicas propostas na PD.
- Lemos atentamente a información teórica que achega o LA.
- Utilizamos procesadores de texto e outros programas para crear e mellorar a fotonovela.

Tarefa 9: Avaliamos o aprendido.

- Autoavaliamos a aprendizaxe mediante as actividades que propón o LA acerca dun texto xornalístico.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto «Devesa da Rogueira» e da lectura da unidade, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Práctica habitual do debate para desenvolver a expresión oral, a capacidade de diálogo, o respecto polas opinións alleas, a convivencia harmónica, etc.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; empregar o dicionario e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, ampliar ou complementar a información do libro, realizar creacións propias, practicar novas formas de expresión literaria, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.

- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Práctica da audición e da lectura de textos literarios.
- Repaso do trimestre e do curso, con especial atención aos contidos máis complexos ou que presenten unha maior dificultade para o alumnado.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Textos locutados: o da dobre páxina inicial e o da lectura da unidade.
- Fichas de traballo para o tratamento da diversidade, lectura complementaria para traballar a comprensión lectora, material para o desenvolvemento das competencias, plan lector.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

- Enlaces web:

[_ http://anayaeducacion.es](http://anayaeducacion.es)

[_ http://www.anayaeducacion.es/usuario/auladigital.php](http://www.anayaeducacion.es/usuario/auladigital.php)

[_ páxinas que se suxiren no libro do alumno e na PD](#)

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Proba de avaliación final (no xerador de probas escritas de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?

- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

[Escribir texto]

[Escribir texto]

CONTIDOS TRANSVERSAIS

De maneira interdisciplinar colaboramos cos departamentos de Bioloxía, Historia e lingua galega e traballaremos ao longo do curso contidos transversais como: preocupación polo **medio ambiente, consumo responsable e saúde** a través de lecturas onde se procure asemade unha correcta lectura comprensiva en distintos medios impresos e dixitais. Estoutros son algún dos que se traballarán ao longo do curso:

Educación para a convivencia (respecto á autonomía e fomento do diálogo)

Educación para a saúde (adquisición de coñecementos básicos de coidado e prevención de enfermidades, onde adquire grande importancia o tema relacionado coa dependencia: alcoholismo e drogas)

Educación para a paz (educar na tolerancia e en actitudes non violentas nin agresivas)

Educación non sexista (como prevención de actitudes machistas e de violencia de xénero)

Educación ambiental (educar no respecto polo medio ambiente e pola idiosincrasia da paisaxe galega)

Educación vial (educar no respecto ás normas viais e na tolerancia)

Educación multicultural (espertar o interese polas culturas diferentes e polo respecto idiomático de cada unha delas)

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes faranse na propia aula e no curso onde estea a persoa que ten que recuperar a materia pendente. O profesor entregará traballos ao longo do curso e actividades que posteriormente corraxirá. O seguimento será na propia aula ou durante a hora de Atención a Alumnos que ten cada profesor. Será unha avaliación continua e formativa. Cada profesor deberá notificarlle ao xefe de departamento o alumnado que superou a materia pendente.

Se non a superan Terán que realizar unha proba escrita durante o mes de maio, na data que convoque Xefatura de Estudos, así como unha proba extraordinaria no mes de setembro. Ambas as probas serán corraxidas polo Xefe de Departamento.

[Escribir texto]

Mecanismo de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

En reunión periódicas de Departamento avaliaranse cada unha das programacións didácticas facendo o seguimento a través deste modelo de ficha avaliativa.

Acta de avaliación

Ano académico	CURSO E GRUPO:	Data de avaliación:
----------------------	-----------------------	----------------------------

Aspectos tratados <input type="checkbox"/> Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios ás características do alumnado. <input type="checkbox"/> A metodoloxía didáctica <input type="checkbox"/> A organización das aulas e o aproveitamento de recursos. <input type="checkbox"/> Os procedementos e instrumentos de avaliación	<input type="checkbox"/> Os criterios de cualificación <input type="checkbox"/> As medidas de atención á diversidade <input type="checkbox"/> O grao de desenvolvemento das competencias básicas <input type="checkbox"/> A coordinación entre os profesores dun mesmo grupo <input type="checkbox"/> O grao de cumprimento da programación didáctica.
---	--

Acordos adoptados respecto ao grupo-clase en xeral

Acordos adoptados respecto a determinados/as alumnos/as		
Alumno/a	Observacións (asistencia, actitude, dificultades de aprendizaxe...)	(flexibilización, ad...)

Igualmente na fin de cada unha das avaliacións e en reunión de Departamento trataranse os resultados académicos obtidos por parte do alumnado e idearanse as estratexias de modificación dalgún dos elementos da programación didáctica.

[Escribir texto]

LIBROS DE TEXTO

3º ESO Lingua e literatura galega, Editorial Anaya

4º ESO Lingua e literatura galega, Editorial Anaya

1º BAC Lingua e literatura galega, non hai libro

2º BAC non hai libro de texto

LIBROS DE LECTURA

LIBROS DE LECTURA 2019-20		
	LECTURA	LECTURA VOLUNTARIA
1º ESO	Esmeraldina, a pequena defunta, Leticia Costas (Xerais)	Escarlalina, a cociñeira defunta, Leticia Costas Chamádeme Simbad de Fco. castro
	Ás de mosca para Anxo	Xoeliki, as aventuras dun ciberpirata de Abraham Carreiro, Sotelo Branco Tintimán e a boca do inferno, Jaureguizar
	O castañoiro de abril de Antonio Manuel Fraga	As bruxas de Roal Dalh, Xerais / Os Megatoxos, de Anxo Fariña, Xerais
1º Agrupamento	As bruxas de Roal Dalh, Xerais	Tintimán e a boca do inferno
	O castañoiro de abril	Xoeliki, as aventuras dun ciberpirata
	Ás de mosca para Anxo	Recinto gris, ou Escarlalina ou Esmeraldina
2º ESO	Eu quero ser Ziggy Stardust de Iria Misa	Chamádeme simbad, Fco Castro, Galaxia
	Cartas de inverno de Fdez Paz	O principiño
	O misterio de Portomarín de Antía Yáñez	Valdemuller de Neira Cruz, S.M.
3º ESO	3º ESO A O único que queda é o amor 3º ESO B 22 segundos Eva Mejuto (Xerais)	3º ESO Ámote Leo A. 3º ESO B Anagnórise de Mª Victoria Moreno, Gal
	3º ESO A O que sei do silencio Andrea M.	3º ESO A Cousas de Castelao 3º ESO B O club da calceta, Mª

[Escribir texto]

	3º ESO B Makinaria e Penúltimas tendencias, Carlos Negro, Xerais (Fóra de Xogo)	Reimóndez
	3º ESO A Makinaria e Penúltimas tendencias 3º ESO B O que sei do silencio	3º ESO A O corazón da Branca de Neve 3ª ESO B Cousas de Castelao
4º ESO	O que sei do silencio de Andrea Maceiras, Xerais	Corredores de sombras ou Noite de voraces sombras de Agustín Fernández Paz
	Cabeza de medusa, Marilar Aleixandre, Xerais	O inferno de Marta de Pasqual Alapont, Xerais ou O corazón de Branca de Neve
	As sete mortes de Carlos Vila Sexto	Segredos no solpor de Iria Misa, Xerais
1º BAC	A praia dos afogados de Domingo Villar	A esmorga
	A memoria da choiva de Pedro Feijoo	O vixía no centeo de J. D. Salinger
	Resistencia de Rosa Aneiros	O neno do pixama a raías de John Boyne
2º BAC	Infamia de Leticia Costas	O anxo negro de Manuel Gago
	Lapis na noite de Ramón Nicolás	Merlín e familia
	A ferida do vento de Riveiro Coello, Galaxia	Xente no rodicio

As lecturas trimestrais suporán o 10% da nota

As lecturas voluntarias suporán 0,25 por cada libro lido, o cal se sumará á nota de final de curso, non podendo exceder de 0,75

Actividades extraescolares e conmemoracións

As actividades extraescolares que se levarán a cabo rexeranse polos seguintes criterios de selección:

1. Adecuación da actividade ao currículo oficial da ESO e BAC
2. Adecuación da actividade aos intereses do alumnado

[Escribir texto]

3. Adecuación temporal da actividade, de tal maneira que se procurarán repartir no tempo, trimestralmente, as actividades, evitando a coincidencia delas nun período reducido; e mesmo evitando a coincidencia delas coa doutros departamentos sempre que isto sexa posible. Especial coidado terán os grupos de 2º BAC, especialmente durante o mes de maio, época na que xa é complicado realizar saídas con eles.
4. Reparto de actividades equitativamente por cursos, de tal maneira que todos eles realicen algunha actividade.
5. Adecuación da actividade ás posibilidades económicas do Departamento e do alumnado.

Todas as actividades seguirán os protocolos de petición e autorización que marca o Departamento de Actividades Extraescolares.

As actividades do Concello que se solicitarán poderán ser as seguintes, xa que son as que se adecúan á nosa programación didáctica e aos contidos da ESO e BAC:

_ as relativas a artes escénicas

_ as relativas ao apartado “coñece a túa cidade” (entre elas o Ourense literario, a ruta da Esmorga ou o roteiro Carlos Casares

_ as relativas ao apartado “Días con nome propio”

_ calquera outra actividade que oferte o Concello, que cumpra os criterios do departamento e polo tanto sexa do noso interese

Saídas didácticas:

Posible visita Casa Museo Otero Pedrayo en Trasalba, ESO, BAC, Ciclos ou calquera outro lugar de interese didáctico próximo ao noso Centro.

[Escribir texto]

Posible visita e realización de actividades como as que seguen:

_ Visita á Cidade da Cultura para ver o Cancioneiro da Vaticana para 3º da ESO e 1º de BAC, entre novembro e marzo e aproveitamento do día para a realización doutras actividades como a visita á casa de Rosalía

_ saída ao Courel e pernocta de 2 días para visitar o museo xeolóxico e etnográfico de Quiroga, visitar lugares de interese xeolóxico, e facer unha ruta pola Devesa da Rogueira e visitar a casa museo de Uxío Novoneyra

Teatro:

Posible saída ao teatro para ver a representación de compañías locais, e se é o caso, desprazamento fóra da cidade se a economía nolo permite.

Asistencia a unha obra de teatro sobre violencia de xénero por parte dun grupo afeccionado.

Dentro deste apartado incluímos a realización, no propio centro, de teatro por parte do alumnado e de monicreques, con posible implicación dos centros de Primaria da nosa contorna.

O Departamento de lingua galega e portugués realizará cantas actividades lle parezan interesantes e que concorden cos criterios expostos máis arriba e das cales teñamos información ao longo do curso.

Ademais destas actividades extraescolares, o Departamento continuará coas xa habituais como o Samaín, Concurso de postais de Nadal en galego, Correlingua, o concurso de Cartas

[Escribir texto]

de amor e amizade en galego, a actividade de fomento da lectura no Día do Libro,... ou outras que se realizan co Departamento de Dinamización Lingüística.

Como vén sendo habitual e se as posibilidades económicas o permiten realizarase unha saída a Galicia ou Portugal con finalidade lingüística e cultural.

O Departamento de galego, dentro das súas posibilidades, colaborará con outros departamentos como a Biblioteca ou o Departamento de Normalización.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O Departamento de Galego participará nas actividades complementarias que marca o calendario escolar coa finalidade de complementar e incrementar o currículo oficial e fomentar a transversalidade de contidos educativos.

Nas unidades colaboraremos coas seguintes conmemoracións en relación cos contidos transversais:

1º TRIMESTRE		
datas	días	Actividades interdisciplinares
10 de decembro	<i>Día da Declaración universal dos Dereitos Humanos</i>	Lectura parcial destes dereitos e colaboración co Departamento de Filosofía.
2º TRIMESTRE		
30 de xaneiro	<i>Día da Paz</i>	Audición de poemas musicados en galego e en portugués
25 de abril	<i>Día de Portugal</i>	Traballo grupal e audición de cancións de José Afonso.

[Escribir texto]

8 de marzo	<i>Día Internacional da Muller</i>	Debate sobre a situación da muller na sociedade actual.
15 de marzo	<i>Día mundial dos dereitos do Consumidor</i>	Lectura de artigos xornalísticos
Do 10 ao 14 de marzo	<i>Semana da Prensa</i>	“un día desta semana traballarase na aula con xornais en diferentes linguas”
21 de marzo	<i>Día Mundial da Poesía</i>	Lectura de poemas sinxelos en varias linguas
27 de marzo	<i>Día Internacional do Teatro</i>	Lectura dramatizada de textos teatrais
3º TRIMESTRE		
7 de abril	<i>Día mundial da Saúde</i>	Lectura de artigo xornalístico
Do 11 ao 29 de abril	<i>Día do libro</i>	Exposición de libro portugués e galego: infantil, xuvenil e didáctico
9 de maio	<i>Día de Europa</i>	Portugal e Galicia dentro da Comunidade Europea.
Do 12 ao 23 de maio	<i>Semana das Letras Galegas</i>	Traballos sobre o autor homenaxeado
5 de xuño	<i>Día Mundial do Ambiente</i>	Colaboración co Departamento de Bioloxía

- Asemade colaboraremos co Departamento de Dinamización Lingüística nas datas tradicionais do **Nadal** (audición de vilancicos portugueses), **Entroido** (o entroido en Portugal) e **Maios** e en todas as actividades que poidamos levar a cabo de maneira conxunta.

Se as condicións o permiten programaremos algunha visita a unha cidade galega ou portuguesa para coñecer os lugares culturais máis importantes e practicar a lingua.

[Escribir texto]